



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA VINTE E OITO DE ABRIL DE 2016.

PRESIDENTE

D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS

Don Manuel Pérez Riola
Don Nicolás Vergara Quintiana
Dona M^a José Rodríguez Pérez
Dona Manuela López Rodríguez
Don José Camilo Casal García
Don Robustiano Labraña Barrero
Don Luis Rubido Ramonde
Don Alfredo Vilela Santalla
Don Pablo Luis Nebril López
Dona Esther Couto Lamigueiro
Dona M^a Luisa Pérez Prieto
Don Esteban Blanco Garrote

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás vinte horas do día vinte e oito de abril de dous mil dezaseis, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS DE 17.12.2015, 08.01.2016 E 12.02.2016

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas o 17.12.2015, 08.01.2016 e 12.02.2016.


Ao non producirse ningunha observación, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, resultando aprobadas por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as presentes.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 110/2016, DE 16 DE MARZO, DE NOMEAMENTOS DE CONCELLEIROS DELEGADOS

En cumprimento do previsto no artigo 44.4 do ROF, dáse conta pola Alcaldía-Presidencia do Decreto nº 110/2016, de 16 de marzo, de nomeamento de concelleiros delegados, do seguinte teor literal:

“Asunto: NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS

Como consecuencia da toma de posesión como Concelleiro de D. Robustiano Labraña Barrero cómpre modificar as delegacións conferidas mediante resolución 319 de 02.07.2015 de nomeamento de Concelleiros delegados.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Efectuar a favor dos membros da Xunta de Goberno Local que se citan as seguintes delegacións xenéricas, referidas ás áreas que se determinan, e nas materias que no seu caso se detallan, ó abeiro do que dispón o artigo 43.3 do ROF, con facultades para dirixir e xestionar os servizos correspondentes, baixo a supervisión da Alcaldía, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

- Dona María José Rodríguez Pérez: Concelleira-Delegada de **Cultura e Turismo** e Concelleira-Delegada de **Urbanismo**.
- Don José Camilo Casal García: Concelleiro-Delegado de **Medio Ambiente, Praias, Xardíns e Cemiterios**.
- Don Manuel Pérez Riola, Concelleiro-Delegado de **Medio Rural e Participación Cidadá, Servizos, Mantemento e Obras** e Concelleiro-Delegado de **Persoal e Facenda**.

SEGUNDO.- Efectuar a favor dos concelleiros que se citan as seguintes delegacións especiais, ó abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF, con responsabilidade para a dirección interna e xestión de servizos, baixo a supervisión da Alcaldía, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

- Don Nicolás Vergara Quintana, Concelleiro-Delegado de **Deportes**.
- Dona Manuela López Rodríguez: Concelleira-Delegada de **Servizos Sociais** e Concelleira-Delegada de **Igualdade**.
- Don Robustiano Labraña Barrero, Concelleiro-Delegado de **Ensino** e Concelleiro-Delegado de **Xuventude**.

TERCEIRO.- Mantense expresamente dentro das atribucións da Alcaldía-Presidencia a formalización dos contratos que o Concello firme con particulares, calquera que fose a materia sobre a que versen, tendo a condición de órgano de contratación cando non se houberse delegado expresamente na Xunta de Goberno Local ou nun Concelleiro-Delegado.

Quedan expresamente incluídos dentro da Área de Presidencia a Concellería de **Sanidade**, Concellería do **Mar** e Concellería de **Seguridade Cidadá** e calquera outro servizo ou atribución non expresamente delegada.

CUARTO.- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

A Corporación queda enterada.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

3.- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o 08 de xullo de 2015, adopta acordo polo que se crean as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal e se determina a composición das mesmas.

En sesión plenaria de data 29 de xullo de 2015 dáse conta da adscripción concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que forman parte das mesmas en representación de cada grupo político municipal, realizada mediante escrito dos respectivos Voceiros dirixido ao Alcalde.

En data 21 de novembro de 2015 o Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleiro de D. José Antonio Muiño Vilela, como consecuencia do cal en sesión plenaria de data 08 de xaneiro de 2016 toma posesión o novo Concelleiro D. Robustiano Labraña Barrero.

En data 10 de febreiro de 2016 se presenta escrito polo Voceiro do grupo municipal de ANOVA, comunicando os membros da Corporación que en representación de dito grupo deben formar parte de cada Comisión.

En consecuencia, visto o establecido no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal quedan constituídas polos seguintes Concelleiros:

Comisión Informativa de Plenos:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)

SUPLENTE:

- D. Nicolás Vergara Quintiana (PSOE)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

SUPLENTE:

- D.^a María José Rodríguez Pérez (BNG)

- D. Camilo Casal García (ANOVA)

SUPLENTE:

- D. Robustiano Labraña Barrero (ANOVA)

- D. Luis Rubido Ramonde (PP)

- D. Alfredo Vilela Santalla (PP)

- D. Pablo Luis Nebril López (PP)


SUPLENTES:

- D. Esther Couto Lamigueiro (PP)

- D.^a María Luisa Pérez Prieto (PP)

- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

Comisión Informativa de Urbanismo:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)
- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Nicolás Vergara Quintiana (PSOE)

- D^a María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D.^a Manuela López Rodríguez (BNG)

- D. Camilo Casal García (ANOVA)

SUPLENTE:

- D. Robustiano Labraña Barrero (ANOVA)

- D. Luis Rubido Ramonde (PP)
- D. Alfredo Vilela Santalla (PP)
- D. Pablo Luis Nebril López (PP)

SUPLENTES:

- D.^a Esther Couto Lamigueiro (PP)
- D.^a María Luisa Pérez Prieto (PP)
- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

Comisión Especial de Contas:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)
- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)

SUPLENTE:

- D. Nicolás Vergara Quintiana (PSOE)

- D^a María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D.^a Manuela López Rodríguez (BNG)

- D. Camilo Casal García (ANOVA)


SUPLENTE:

- D. Robustiano Labraña Barrero (ANOVA)

- D. Luis Rubido Ramonde (PP)
- D. Alfredo Vilela Santalla (PP)
- D. Pablo Luis Nebril López (PP)

SUPLENTES:

- D. Esther Couto Lamigueiro (PP)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- D.^a María Luisa Pérez Prieto (PP)
- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

4.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA PERMANENTE DE CONTRATACIONES

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.04.2016, que dí:

“O Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o 08 de xullo de 2015, adopta acordo polo que se constitúe a Mesa Permanente de Contratación para tódolos procedementos de contratación do Concello de Cedeira nos que sexa legalmente esixible, ou así o preveña o prego de cláusulas administrativas particulares, e se designa ós membros que a compoñen.

Dito acordo e a composición da Mesa Permanente de Contratación publícanse no BOP nº 138 de 23 de xullo de 2015.

Como consecuencia da renuncia ó cargo de concelleiro de D. José Antonio Muiño Vilela, vogal suplente da Mesa Permanente de Contratación, e posterior toma de posesión como concelleiro de D. Robustiano Labraña Barrero, cómpre modificar a composición da Mesa Permanente de Contratación.

Visto o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e no artigo 21 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar a composición da Mesa Permanente de Contratación constituída mediante acordo adoptado en sesión plenaria extraordinaria de 08 de xullo de 2015, para tódolos procedementos de contratación do Concello de Cedeira nos que sexa legalmente esixible, ou así o preveña o prego de cláusulas administrativas particulares, quedando integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Alcalde
Suplente: D. Manuel Pérez Riola

VOGAIS:


- D.^a María José Rodríguez Pérez
- Suplente: D.^a Manuela López Rodríguez
- D. José Camilo Casal García
- Suplente: Don Robustiano Labraña Barrero
- A Secretaría da Corporación
- Suplente: O funcionario que sexa nomeado Secretario accidental
- O Interventor Municipal
- Suplente: O funcionario que sexa nomeado Interventor accidental
- O Arquitecto Municipal
- Suplente: O Arquitecto Técnico Municipal

SECRETARIA: D.^a María Montserrat Pérez Garrote, funcionaria encargada dos expedientes de contratación.

Suplente: D. Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario.

SEGUNDO.- Publicar anuncio referindo este acordo e a composición da Mesa Permanente de Contratación no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos membros da Mesa Permanente de Contratación.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.”

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 1.4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.04.2016, que dí:

“No Pleno do 16 de marzo de 2016 aprobouse provisionalmente a ordenanza fiscal 1.4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. O preceptivo anuncio de exposición pública foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 59 do 30 de marzo de 2016.

Durante o prazo de exposición pública avanzou a tramitación do expediente para a constitución dun dereito de superficie sobre una parcela municipal de carácter patrimonial para a construción e explotación dunha residencia para persoas maiores.

Este investimento considérase de vital importancia para o municipio, polas consecuencias sobre o benestar dos cidadáns e pola capacidade de xerar emprego.

Por todo iso, proponse deixar sen efecto o acordo anterior e elevar unha nova proposta engadindo a proposta anterior relativa á bonificación potestativa do 90 por 100 da cota íntegra do Imposto para fomentar a creación de empresas no polígono de A Trabe, así como para a construción de residencias para persoas maiores.


Mantense da proposta anterior a obriga de revisión da cota tributaria dos expedientes de base imponible superior a 120.000,00 € para verificar e axustar as diferenzas que correspondan.

Por todo isto, proponse ao Pleno a aprobación da seguinte ordenanza, modificando a ordenanza anterior.

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o acordo de aprobación provisional adoptado polo Pleno do 16 de marzo de 2016 relativo a ordenanza fiscal 1.4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras que se incorpora como anexo



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

TERCEIRO.- Exponer no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de aprobación definitiva e o texto íntegro da ordenanza, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin, adaptando no caso de non presentarse reclamacións o contido da disposición final coas datas dos correspondentes acordos plenarios.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL 1.4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

ARTIGO 1: FUNDAMENTO E RÉXIME APLICABLE

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, do artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e dos artigos 15.2 a 59.1 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cedeira procede a aprobar a presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remite á súa ponderación e regulación polo Pleno da Corporación Local.


O Imposto sobre construcións, instalacións e obras regularase neste Concello polas súas normas reguladoras, contidas nos artigos 100 a 110 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a mencionada Lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2: NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE DO TRIBUTO.

Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, ou o trámite de comunicación previa sinalados na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia obtivérase ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

ARTIGO 3: SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos de este imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2 Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas, ou realicen a comunicación ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non fosen os propios suxeitos pasivos contribuíntes

ARTIGO 4: BASE IMPOÑIBLE

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

ARTIGO 5: COTA TRIBUTARIA

A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame será:

- a) O 2,0 por 100 do custo real e efectivo da construción cando se realice en chan rústico.
- b) O 2,8 por 100 do custo real e efectivo da construción cando se realice en chan que non sexa rústico.

Establécese unha cota mínima de 12,00 euros para calquera construción, instalación ou obra.

O imposto devengarse no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza .

ARTIGO 6: XESTIÓN DO IMPOSTO

O imposto esixirase en réxime de autoliquidación ou liquidación.

Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidacións en impreso habilitado ao efecto pola Administración municipal, efectuando o pagamento dentro do prazo máximo dun mes, contado a partir do momento en que lle foi notificada a concesión da licenza e en todo caso a contar dende a remuneración do imposto.

A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base imponible do tributo, en función do presuposto achegado polos interesados, sempre que o mesmo estivese visado polo colexio oficial correspondente, noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

No caso de que se modifique o proxecto ou houbese un incremento do presuposto unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o custo real e efectivo das mesmas sexa superior ou inferior ao que serviu de base imponible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á devandita finalización,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda, debendo acompañarse certificado e presuposto de final de obra visado polo colexio oficial correspondente, cando se esixan direccións facultativas, ou escritura de división horizontal e declaración de obra nova, para o caso de que a valoración que conste en este último fose superior a aquel, e sempre que non se atopare a documentación previamente en poder da Administración municipal, debendo alegarse tal circunstancia xunto ou no impreso de autoliquidación, e calquera outro documento que se considere oportuno.

No caso de non poder presentarse a documentación requirida no punto anterior e nos termos nel expostos, no prazo habilitado para tal efecto, poderase solicitar unha prórroga dun mes, contado a partir do día seguinte á finalización do prazo anterior, para a presentación da citada documentación.

Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo de estas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva á que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda, sen prexuízo das sancións que procedan, de acordo co disposto no artigo 6 desta ordenanza.

Será obrigatoria a revisión de todos os expedientes de base impositiva igual ou superior a 120.000,00 €

ARTIGO 7: EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

7.1 Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

7.2. De conformidade co artigo 103.2.a) do TRLRFL, terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra as obras de nova planta en construcións, instalacións ou obras, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal e que se realicen no Polígono industrial de A Trabe, así como as obras de construción de establecementos residenciais para persoas maiores. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos membros.

A bonificación aplicarase para obras solicitadas a partir da aprobación da presente ordenanza fiscal.

A bonificación é compatible con outros beneficios fiscais que poidan ser aplicables.

ARTIGO 8. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

As modificacións que introduzan na regulación desta ordenanza as Leis de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra Lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derrogada a anterior ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada no Boletín Oficial da Provincia 299 o 31 de decembro de 1998

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO EXERCICIO 2016

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 14.04.2016, que dí:

“Nos orzamentos municipais para 2016 figuran no Anexo de subvencións nominativas, entre outras as seguintes subvencións:


Partida 231.489.00 G70224514	Otras Transferencias Acción Social Asociación sobre Rodas	2.500,00
Partida 341.789.00.- Deportes.- Otras Transf. de capital G15138084	Club de Remo	4.000,00

As asociacións respectivas pretenden a modificación do anexo de subvencións para axustar á finalidade da subvención ás necesidades e prioridades reais.

A Asociación Sobre Rodas plantexa verbalmente a necesidade de adquirir material inventariable (sillas, camas articuladas ou camillas), polo que solicitan a modificación do anexo de subvencións, para poder adicar 2.000 € a investimentos e o resto (500 €) para gasto corrente.

O club de Remo solicitou a subvención para investimentos por 3.500 € porque para o resto (500 €) pretenden facer gasto corrente, polo que solicitaron o cambio correspondente.

Non se alteran os importes totais adicados a cada entidade, e unicamente a distribución entre subvencións correntes e de capital das entidades respectivas.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Por todo iso, e de conformidade co sinalado na normativa vixente, propónse modificar o anexo de subvencións nominativas do exercicio 2016, no seguinte sentido:

PROPOSTA

Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2016 que quedaría do seguinte modo, unha vez efectuada a modificación de crédito correspondente:

Onde dicía:

Partida 231.489.00 G70224514	Otras Transferencias Acción Social Asociación sobre Rodas	2.500.00
Partida 341.789.00.- Deportes.- Outras Transf. de capital G15138084	Club de Remo	4.000.00

Debe dicir:

Partida 231.489.00 G70224514	Otras subvencións correntes Acción Social Asociación sobre Rodas	500.00
Partida 231.789.00 G70224514	Otras Subvencións de capital Acción Social Asociación sobre Rodas	2.000.00
Partida 341.489.00.- Deportes.- Outras Transf. de correntes G15138084	Club de Remo	500.00
Partida 341.789.00.- Deportes.- Outras Transf. de capital G15138084	Club de Remo	3.500.00

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o tuno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.


7.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2016

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión informativa de Plenos de data vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 18.04.2016, que dí:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens procedentes do mandato anterior, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presuposto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos do mandato anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Son facturas correspondentes ao exercicio 2015 que se atopan conformadas e as de maior importe foron realizadas polos membros do equipo de goberno ao anterior mandato. Parte das facturas do mandato anterior xa aprobadas no exercicio 2015, pero condicionadas a existencia de crédito. Ao non superar o condicionante e para clarificar a súa situación, incorporáanse agora no presente expediente de forma refundida.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría de un enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos se fixeron efectivos.

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:


Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído por que constan de 53 rexistros e un importe total de **SESENTA E TRES MIL CENTO OITENTA EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (63.180,53€)**, nos termos que se detallan no anexo.

Terceiro.- O recoñecemento das obrigas que así se sinalan no apartado segundo quedan condicionado a posterior existencia de crédito.

Anexo Rex 1/2016

Nº DE REX.	Nº DE FRA.	DATA FRA.	TERCEIRO	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PRG.	EC.	IMPORTE	RC
F/2015/998	140	04/06/2015	B15077233	PROYFE SL	FRA. 140 HONORARIOS DIRECCIÓN OBRA 2% S/P.E.M.HONORARIOS POR LA REALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS DE REFERENCIA	450	22706	688,77 €	0538
F/2015/1066	75	22/05/2015	B15800907	VILLASUS O ORTEGAL SL	FRA. 75 ML. LIMPIEZA DE CUNETAS Y PASOS SALVACUNETAS, INCLUSO P.P DE REPERFILADO DE TALUDES, RETIRADA DE PRODUCTOS Y TRANSPORTE	1532	61900	7091,85 €	CODICIONADA
F/2015/1409	1893	13/07/2015	B15624083	HERMANO S GARCIA CARUNCH O SLU	FRA 1893 RETIRADA DE CARROS SIN GRUA DE VEHICULO: 9325JDL,1199GSF,7544 BYS,7841DFZ,6366HVR ,8540GMB,2978FVK,9508FCL,8697FJ	132	22799	786,5 €	1023
F/2015/1425	1929	17/07/2015	B15624083	HERMANO S GARCIA CARUNCH O SLU	FRA 1929 RETIRADA CON GRUA AUDI A6. 2421BGL	132	22799	60,5 €	1023
F/2015/1503	1986	05/08/2015	B15624083	HERMANO S GARCIA CARUNCH O SLU	FRA 1986 RETIRADA CON GRUA Y SIN CARROS DE VEHICULO JEEP CHEROKEE 6233FFG	132	22799	60,5 €	1023
F/2015/1663	2038	27/08/2015	B15624083	HERMANO S GARCIA	FRA 2038 RETIRADA CON GRUA Y CON	132	22799	133,1 €	1023




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

				CARUNCH O SLU	CARROS FESTIVO. VEHICULO RENAULT MEGANE 7235BTR				
F/2015/1664	2013	24/08/2015	B15624083	HERMANO S GARCIA	FRA 2013 RETIRADA CON GRUA Y SIN CARROS DE VEHICULO PEUGEOT 306 C3688BS	132	22799	60,5 €	1023
F/2015/2442	28749	10/12/2015	76415086R	CARUNCH O SLU					
				LUIS ALBERTO LOPEZ LOPEZ	FRA 28749 MAIZ CISNES	171	22199	38,40 €	1391
F/2015/2193	150200563	31/10/2015	A28281368	RADIO POPULAR SA COPE	FRA 0150200563.- O : 31846 .- ACCIÓN ESPECIAL CALENDARIOS 2016 , RADIACIÓN DE 35 CUÑAS Y ENTREGA DE 60 CALENDARIOS	432	22602	520,3 €	1022
F/2015/2500	C15154	18/12/2015	76404777L	CARBAJAL ALVAREZ, JOSE LUIS	FRA C15 154 REPARACION MT 6127ZL JUEGO CUCHILLAS	171	21300	244,47 €	0992
F/2015/2531	19	21/12/2014	76404594C	FREIRE VILLAR, Mª Carmen	FRA 19 CENTROS Y PALMAS FUNERALES	912	22601	402,93 €	0993
F/2015/2543	C15177	30/12/2015	76404777L	CARBAJAL ALVAREZ, JOSE LUIS	FRA C15 177 REPARACIÓN MT 6127 ZL	171	21300	263,11 €	0994
F/2015/2558	1642	30/12/2015	A15044043	MANTENIMIENTOS GALLEGOS SA	FRA 1642 SUSTITUCION BOMBA DE CIRCULACION, PRIMARIO CALDERA BOMBA GRUNDFOS	341	21300	885,53 €	0525
F/2015/2560	61/CT	30/12/2015	B15800907	VILLASUS O ORTEGAL SL	FRA 61/CT ALQUILER CONTENEDOR	450	20300	363,00 €	1021
F/2016/1	E13/00255	31/12/2015	B36875938	ATENDO CALIDADE SL	FRA E13/00255 HORAS LIMPIEZA CEDEIRA	920	22700	3.316,43 €	CODICIONADA
F/2016/126	257	31/12/2015	76417057V	LOPEZ RODRIGUEZ VICTORINA	FRA 257 SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO MES DE DICIEMBRE 2015	231	22799	1.854,06 €	0511
F/2016/127	F/1919	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRAF/1919 SUMINISTROS FERRETERIA. CILINDRO NIQUEL, COPIA LLAVE PERSIANA	450	22199	22,05 €	0536
F/2016/128	F/1918	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1918 SUMINISTROS FERRETERIA TIRAFONDO, ANGULO REFUERZO.	450	22199	23,00 €	0536
F/2016/129	F/1920	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1920 SUMINISTROS FERRETERIA. PLASTICO NEGRO 0.4M ANCHO (ROLLO 100M)	450	22199	15,71 €	0536
F/2016/130	F/1921	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1921 SUMINISTROS FERRETERIA. RUEDA COMPLETA CARRETILLA, FISCHER. MASILLA POLIURETANO	450	22199	23,97 €	0536



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

F/2016/131	F/1917	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1917 SUMINISTROS FERRETERIA. TIRAFONDOS, ANGULO REFUERZO.	450	22199	3,06 €	0536
F/2016/132	F/1916	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1916 SUMINISTROS FERRETERIA. VARILLA ROSCADA, ARANDELAS, TIRAFONDOS.	450	22199	3,63 €	0536
F/2016/133	F/1914	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1914 SUMINISTROS FERRETERIA. MANGO MAZA AJUSTE CUÑA.	171	22199	4,51 €	1002
F/2016/134	F/1913	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1913 SUMINISTROS FERRETERIA. ALICATE CURVO, TORNILLO ABC BLANCO	3231	22199	20,82 €	1003
F/2016/135	F/1912	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1912 SUMINISTROS FERRETERIA. PICAPORTE UNIF.	3231	22199	29,48 €	1004
F/2016/136	004750215/0001497	31/12/2015	B70313382	ESTACION DE SERVICIO VILLA VEIGA SL	FRA 004750215/00001497 GASOLEO A, DIESEL OPTIMA, AFLOJATODO.	132	22103	131,51 €	0462
F/2016/137	004750215/0001496	31/12/2015	B70313382	ESTACION DE SERVICIO VILLA VEIGA SL	FRA 004750215/00001496 GASOLEO A. FFC3666. 5802FPW, M6252NL, C6378BL	450	22103	272,98 €	0490
F/2016/138	004750215/0001515	31/12/2015	B70313382	ESTACION DE SERVICIO VILLA VEIGA SL	FRA 004750215/00001515 GASOLEO A E4436BFV	450	22103	173,5 €	0490
F/2016/139	385	30/12/2015	B70319892	TALLERES METALICOS LUCIANO SL	FRA 385 SUMINISTRO FERRETERIA. GAYNER. CERRADURA DE GANCHO.	450	22199	19,74 €	0536
F/2016/153	F/1915	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1915 PILA SUPER ALKALINA AAA, JUPITER PILA ALKALINA LR06	341	22199	5,03 €	0527
F/2016/154	384	30/12/2015	B70319892	TALLERES METALICOS LUCIANO SL	FRA 384 FABRICACION GANCHOS SOPORTE LONA, REPARACIONES GUIA CORREDERA Y COLOCACION DE GANCHOS	341	22799	488,84 €	1005
F/2016/155	7	16/12/2015	32706511M	CARUNCHO PEREZ, MARIA TERESA	FRA 7 DOCENAS DE CHURROS 10.	912	22601	25,00 €	0540
F/2016/160	22	15/08/2015	76404594C	FREIRE VILLAR, Mª Carmen	FRA 22 ARREGLO IGLESIA PARA FIESTAS PATRONALES 2015 Y CORONA PROCESION MARITIMA	334	22710	370,00 €	0523
F/2016/171	155/2015	30/12/2015	B15747652	PRODUCCIONES AUDIOVISUALES SETE MEDIA SL	FRA 155/2015 PROMOCION TURISTICA DO CONCELLO, EMISION PROGRAMA "AQUI GALICIA". 28-11-2015	334	22602	423,50 €	0479
F/2016/174	A/446	22/12/20	76417383K	PEREIRA	FRA A/446 ROPA DE	450	22104	118,75 €	0491



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

		15		VILLASUS O RAQUEL	TRABAJO. PRÁCTICAS CONCELLO) CHAQUETA FAENA, PANTALÓN ALTA VISIBILIDAD, BOTA, GUANTE.				
F/2016/175	A/445	22/12/2015	76417383K	PEREIRA VILLASUS O RAQUEL	FRA A/445 ROPA DE TRABAJO. CASCO Y GUANTE. JARDINERÍA.	171	22104	25,13 €	0467
F/2016/176	A/444	22/12/2015	76417383K	PEREIRA VILLASUS O RAQUEL	FRA A/444 ROPA DE TRABAJO. MASCARILLA. JARDINERÍA.	171	22104	15,13 €	0467
F/2016/177	A/443	22/12/2015	76417383K	PEREIRA VILLASUS O RAQUEL	FRA A/443 ROPA DE TRABAJO. GUANTE TUFF. GAFA, CINTA BALIZAMIENTO.	171	22104	22,16 €	0467
F/2016/195	F/1922	31/12/2015	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	FRA F/1922 SUMINISTROS DE FERRETERIA. COMBUSTIBLE ESTUFAS BIOMASA.	3231	22103	266,81 €	0478
F/2016/382	16/237	12012016	B59988824	HICOPLA SL	FRA 16/237 SERVICIOS DESRATIZACION DICIEMBRE	311	22799	216,58 €	0985
2015/633	255-8/15F	04/03/2015	A66141185	VIAQUA SAU	FRA 255-8/15F EXTENSION REDE SANEAMIENTO EN LG. CAMPO DA CRUZ-ESTEIRO (PRESUPOSTO Nº 14/15)	161	62900	3.191,36 €	CODICIONADA
2015/634	255-9/15F	04/03/2015	A66141185	VIAQUA SAU	FRA 255-9/15F EXTENSION REDE ABASTECIMIENTO TRV. SILVA - CEDEIRA (PRESUPOSTO Nº15/15)	161	62900	1.739,38 €	CONDICIONADA
2015/635	255-10/15F	04/03/2015	A66141185	VIAQUA SAU	FRA 255-10/15F EXTENSION REDE ABASTECIMIENTO TRV. - CEDEIRA (PRESUPOSTO Nº15/15)	161	62900	2.822,25	CONDICIONADA
2015/636	255-11/15F	04/03/2015	A66141185	VIAQUA SAU	FRA 255-11/15F EXTENSION REDE SANEAMIENTO EN LG. CAMPO DA CRUZ - ESTEIRO (PRESUPOSTO Nº 22/15)	161	62900	2.402,54 €	CONDICIONADA
2015/871	88	28/04/2015	B15111503	JOSE MANUEL PIÑEIRO LOPEZ SL	FRA 88 CERTIFICACION FINAL OBRA: PAVIMENTACION DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PENADAGUIA, CIMADEVILA E VILARNOVO	453	61900	3.458,16 €	CONDICIONADA
2015/907	73/C	22/05/2015	B15800907	VILLASUS O ORTEGAL SL	FACT. 73/C EJECUCIÓN DE DOS TAJEAS EN ACCESO A ENTRADAS EN A CARBALLA	161	62900	1.235,41 €	CONDICIONADA
2015/1065	74 ML	22/05/2015	B15800907	VILLASUS O ORTEGAL SL	FRA 74 ML. LIMPIEZA DE CUNETAS Y PASOS SALVACUNETAS, INCLUSO P.P. DE REPERFILADO DE	453	61900	12.959,31 €	CONDICIONADA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

					TALUDES, RETIRADA DE PRODUCTOS Y TRANSPORTE					
2015/1176	2	27/05/2015	B70013693	FERCARPI GALICIA SL	FRA.2 DESENCOFRAR, ENCOFRAR, LLENAR MOLDES DE MACETAS E OUTROS SERVICIOS	450	22799	5.227,20 €	CONDICIONADA	
2015/1177	132.00	31/05/2015	B15111503	JOSE MANUEL PIÑEIRO LOPEZ SL	FRA.132.00 ML LIMPIEZA Y PERFILADO DE CUNETAS / M3 GRAVA 30-50 EN BACHEOS / M2 RIEGO SEMIPROFUNDO CON 4,5 KG/	453	61900	5.157,67 €	CONDICIONADA	
2015/2056	255-31/15	27/10/2015	A66141185	VIAQUA SAU	FRA 255-31/15 F EXTENSIÓN REDE SANEAMENTO EN CAMPO DA CRUZ-ESTEIRO.	161	62900	4.852,61 €	CONDICIONADA	
2016/547	300	21/12/2015	76410417R	SANDRA BECEIRO PÉREZ	FRA. 300 SUMINISTROS DE PAPELERIA FIESTA PAPA NOEL POLIDEPORTIVO	334	22710	56,30 €	0523	
2016/713	109	31/12/2015	76413648N	JAVIER CARUNCH O PÉREZ	FRA. 109 SUMINISTROS FERRETERIA. ESMALTE METALIZADO Y PALETINAS.	334	22710	103,50 €	2177	
2016/809	23-12-15	15/12/2015	39651132Y	EMILIO RAMIL GONZALEZ	FRA- 23-15-15 REDACCIÓN PROXECTO "LIMPEZA, ESCAVACION ARQUEOLOXICA E CONSOLIDACION NO CASTRO DE AS CROAS"	450	22706	484,00 €	2368	
						TOTAL		63.180,53 €		

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Rodríguez Pérez di: Algo que xa se viña repetindo nos catro anos anteriores, que sempre aparecía un reparo no concepto, na factura do subministro de maíz. É solamente por curiosidade, porque además son 38,40 euros. Unha pregunta, os cisnes ¿son propiedade do Concello?

O Sr. Rubido Ramonde di: Son propiedade do Concello, sí. Foron donados por protección civil.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Foron donados por protección civil. Era por curiosidade, nada máis.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 158/2016, DE 18 DE ABRIL, APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DA OBRA MELLORA NA ACCESIBILIDADE E OUTRAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a Resolución da Alcaldía 158/2016 de data 18.04.2016, que dí:

“Mediante o acordo plenario de data 16.03.2016 solicitouse a participación no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial; no cal foi incluído o proxecto da obra "Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal", cun importe total de 249.246,69 € IVE incluído.

Con data 07.04.2016 recibíuse un requirimento sobre a documentación presentada telematicamente (expte. 2016000005421), citada no informe de supervisión efectuado ao proxecto técnico da referida obra.

Unha vez corrixida a documentación que se require no informe de supervisión efectuado polo Servizo de asistencia técnica a municipios da Excm. Deputación Provincial relativo ao proxecto da obra "Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal", a cal non supón variación no presuposto da mesma, RESOLVO:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal", unha vez corrixida a documentación que foi requirida, polo importe total de 249.246,69 € IVE incluído.

2.- Enviar o proxecto técnico " Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal" á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL, para a súa inclusión no PAI 2016.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución da Alcaldía 158/2016 de data 18.04.2016.”


Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

9.- MOCIÓN PARA DECLARAR Ó CONCELLO DE CEDEIRA VILA LIBRE DE ESPECTÁCULOS CON ANIMAIS

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a moción presentada en data 11.04.2016 pola concelleira D^a María José Rodríguez Pérez que dí:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“A cuestión do respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes campos normativos. O uso de animais en espectáculos ofrece unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

As condicións de vida dos animais que forman parte de espectáculos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións destes animais ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, no caso de espectáculos dirixidos a nenos, os actos que os animais teñen que realizar durante dota a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrigalos a se comportaren deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades naturais. A vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, un extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos espectáculos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as súas condicións de vida suponen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e caza furtiva de especies protexidas.


Os animais úsanse como reclamo do público infantil sen ter en conta que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.

E por iso que propomos:

1. Que este concello non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos, espectáculos ou atraccións con animais no termo municipal.
2. Declarar este concello vila libre de espectáculos con animais.
3. Que este concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos con animais no termo municipal
4. Notificar este acordo á Xunta de Galicia, e aos grupos do Parlamento de Galicia.”

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rubido Ramonde di: Gracias. Nós ímonos abster por cuestións meramente formais porque o Goberno galego está redactando unha lei, unha normativa que será, en todo caso, aplicable. O que imos aprobar aquí, eficacia legal no territorio de Cedeira non vai ter ningunha. Despois, a intervención quería acabar con dúas preguntas: ¿Qué vai pasar coa rapa das bestas? ¿e cos xogos populares? Eu penso que deberíamos ter unha proposta aquí máis meditada. A sensibilidade hacia os animais témola todos e efectivamente o diagnóstico que se fai ahí podemos estar de acordo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Isto é unha moción, efectivamente, cunha exposición de motivos e unhas propostas, pero nós o que imos facer é unha ordenanza para aplicala no Concello, evidentemente. Pero, independentemente diso, eu creo que todo o que se dí na moción, neste caso, sería aínda cuestión de debate, pero do que estamos falando aquí é da utilización de animais, do seu adiestramento e demais, para espectáculos. O que se fai na rapa das bestas tampouco... quero dicir, poderíamos debatilo si forma parte do que aquí explicamos ou non. Non se adiestran animais para que saiban facer cousas diante de xente que mira. Quero dicir que ahí habería matices, pero en todo caso sería algo a debatir. E a outra pregunta ¿era dos xogos populares? Os xogos populares é simplemente o tema do parrulo. Vou a expresar a miña opinión persoal, eu xa estas festas pasadas - é que ademais estábanse metendo Manolo e Nico connigo agora por iso - eu non quería que se fixera xa con parrulos. Que se buscara outra alternativa. Porque sí pode ser que os animais, entre que os collen, e os soltan, e non sei qué, que sufran estrés, pero non me parece algo...

O Sr. Alcalde di: Tan esaxerado como pode ser o dun circo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Claro. Pero tampouco me parece agradable. Eu, por min...

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿E marcar un cabalo?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Matar un cabalo, tampouco, por Dios.

O Sr. Rubido Ramonde di: Marcar un cabalo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Entendín matar. Por min non. Estou dando as miñas opinións persoais.

O Sr. Rubido Ramonde di: Falamos isto como cuestión de reflexión. Non estamos en contra da rapa das bestas. Que quede moi claro.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Paréceme ben e creo ademais que é un debate que, por exemplo, nós, o grupo de goberno, non fixemos. Non pensamos na rapa das bestas para nada cando presentamos esta moción. E paréceme un debate interesante. Agora no das festas da patrona, creo que o do parrulo se pode substituir, na miña opinión, por calquera outro tipo de xogo. Creo eu. Pero bueno, é algo que tamén se pode debatir.

O Sr. Rubido Ramonde di: Agora que falamos de animais, os descendentes dos cisnes tamén son propiedade do Concello e emigraron, pero volverán.

O Sr. Alcalde di: Escaparon.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pois iso, o tema da rapa sí que o podemos debatir.

O Sr. Labraña Barrero di: O que pasa é que eu entendo que o da rapa das bestas convertiuse evidentemente finalmente nun certo espectáculo, pero naceu moito antes de que fora espectáculo como unha actividade económica dos gandeiros, non só da Capelada. Eu entendo que sí sería necesario un debate, de altura ademais. Non tanto a marcase en si mesma...

O Sr. Pérez Riola di: Non. Normalmente teñen que ter un microchip. Cortar as crines eso sí, e desparasítalos que lles fai falta, aproveitan para iso.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: De todos modos o debate si mañá vai a haber unha lei autonómica...

O Sr. Rubido Ramonde di: Xa hai un proxecto que xa está moi cerca da moción.

O Sr. Alcalde di: Sería conveniente vendo que todos coincidimos no mesmo, podernos adiantar e aínda que aprobemos unha ordenanza mentras non saia a lei é bo para todos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Ademáis paréceme interesante que sacaran o tema. Porque, por exemplo, nesta moción non pensaba na rapa. É verdade que tamén ten a súa parte de espectáculo.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis abstención do PP, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

10.- MOCIÓN POLA QUE SE SOLICITA Á REAL ACADEMIA GALEGA QUE SE ADIQUEN O 'DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO 2017 A RICARDO CARVALHO CALERO

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a moción presentada en data 11.04.2016 pola concelleira D^a María José Rodríguez Pérez que dí:

“Ante a proximidade da celebración do Día das Letras Galegas, no vindeiro mes de maio, adicado este ano ao poeta Manuel María, o goberno municipal de Cedeira queremos sumarnos á solicitude que xa se ten feito noutros concellos da nosa comarca, e propor que no ano 2017 o homenaxeado sexa Ricardo Carvalho Calero.

Ricardo Carvalho Calero (Ferrol 1910- Compostela 1990) é unha figura de gran transcendencia, non só no ámbito das letras galegas, senón tamén no mundo da cultura en xeral e da nosa lingua, a lingua galega en particular.


Este filólogo, profesor e escritor foi considerado o gran pensador do reintegracionismo e tivo a honra de ocupar a primeira cátedra de Lingua e Literatura Galega. Deixounos unha gran obra literaria, poesía, teatro, narrativa (no 1987 recibiu o premio da crítica de narrativa galega por Scórpio) e ensaio.

Foi secretario xeral do Seminario de Estudos Galegos, formou parte do grupo que redactou o anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia do 1936. Foi nomeado fillo predilecto de Ferrol e da Comunidade Autónoma de Galicia, e esperamos que a estes recoñecementos se lles poida sumar o de homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2017.

Por todo o exposto, breve resumo da prolífica traxectoria profesional de Carvalho Calero, propoñémoslle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Solicitar á Real Academia Galega adicarlle a Ricardo Carvalho Calero o Día das Letras Galegas do ano 2017.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Aberto o turno de intervencións a Sra. Rodríguez Pérez di: Creo que xa non fai falta nin defendela. Que está claro o que pedimos. Que xa se leva, ademáis, en algún concello como o de Ferrol feito isto. A mesma solicitude que hai anos. E agradecer á oposición si votan a favor que nos unamos todos á petición.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

11.- MOCIÓN DA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

Toma a palabra o Sr. Labraña Barrero e di: Na miña condición de membro da Mesa dende xa hai bastantes anos vou a dar lectura a esta moción.

Polo Sr. Labraña Barrero dáse lectura á moción presentada pola Mesa pola Normalización Lingüística, que dí:

“O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

O Concello de Cedeira manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e


INSTA á Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

-Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”

A Comisión Informativa de Plenos do 26.04.2016 acordou ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres abstencións do PP.

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Labraña Barrero di: Eu creo que esta moción reflicte claramente cal é a situación, sobre todo no ensino, e delata unha certa sensibilidade que se dá no seo da Unión Europea que a veces non se percibe nas institucións máis próximas. Por iso pedimos que se apoie por toda a corporación.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR á moción presentada pola Mesa pola Normalización Lingüística nos termos nos que quedou transcrita.

12.- MOCIÓN DE ESQUERDA UNIDA POLA QUE SE INSTA A ANULACIÓN DO VETO IMPOSTO POLO CNI Ó TRABALLADOR DE NAVANTIA FERROL XAQUÍN GARCÍA SINDE POLAS SÚAS IDEAS E ACTIVIDADES POLÍTICAS LÍCITAS

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a moción presentada por D. Alejandro del Río Bellón, na condición de Coordinador de Esquerda Unida de Cedeira, en data 07.03.2016, que dí:

“ESQUERDA UNIDA INSTA A ANULACIÓN DO VETO IMPOSTO POLO CNI Ó TRABALLADOR DE NAVANTIA-FERROL XAQUÍN GARCÍA SINDE, POLAS SÚAS IDEAS E ACTIVIDADES POLÍTICAS LICITAS.

Exposición de motivos


A finais do ano pasado, Xaquín Gacía Sinde, veciño da nosa comarca, recibiu unha resolución do Centro nacional de Inteligencia na que se lle prohíbe que desenvolva determinadas tarefas profesionais en Navantia.

En dita resolución, o CNI tamén explica o motivo do seu veto: “El Sr. García Sinde ha demostrado una continuada participación en organizaciones y grupos cuyos ideales defienden una estrategia revolucionaria: de clase, anticapitalista e internacionalista. Si bien esta participación es lícita, se considera discordante con la protección de la información clasificada que el Ministerio de Defensa español cede a la industria para sus desarrollos armamentísticos.”

É dicir, o Estado veta a un traballador polo mero feito de profesar determinadas IDEAS, a pesar de que a propia resolución recoñece que as súas actividades políticas son LÍCITAS.

En Ferrolterra, comarca moi destacada na loita pola conquista das liberdades democráticas, esta resolución do CNI trae á memoria o acontecido en épocas pasadas, cando os traballadores da Bazán significados na oposición ao réxime tiñan prohibido o acceso ós buques militares.

Cando xa pasaron cuarenta anos desde a morte do ditador, é grave que o Estado volva a considerar a unha persoa como un risco para a seguridade (o que o equipara cun sospeitoso de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

terrorismo, espionaxe ou sabotaxe) polo mero feito de ter unas determinadas ideas e realizar actividades políticas no marco da lei.

Por todo o anteriormente exposto, Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación municipal a aprobación dos seguintes acordos:

MOCIÓN

- O pleno do Concello de Cederia reproba a actuación do CNI vetando a un traballador por razón exclusivamente ideolóxicas.
- O pleno do concello de Cedeira rexeita que un organismo do Estado volva a considerar a un cidadán como un risco para a seguridade simplemente polas súas ideas e por realizar actividades políticas no marco da lei.
- O pleno do Concello de Cedeira insta ó Goberno a anular inmediatamente a resolución do CNI e a ditar a concesión da Habilitación Persoal de Seguridade a Xaquín García Sinde, dado que a motivación do CNI para denegarlle é antidemocrática e impropia dunha democracia.
- Das anteriores resolución, o concello dará conta ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, ó Congreso dos Deputados e ó Goberno do Estado.”

A Comisión por catro votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

A Alcaldía-Presidencia outorga a palabra ó Sr. del Río Bellón, que di: Pouco máis que dicir. Isto casi parece franquismo. Perseguir a unha persoa por simplemente profesar unha ideoloxía ou militar nun partido político ou nun sindicato. Este concretamente é un sindicalista moi coñecido das Comisións Obreiras. É un activista e bon sindicalista. Pero parece ser que ó CNI eso non lles gusta e o limitan no seu exercicio e incluso no desenrrolo persoal dentro da propia Navantia. É algo completamente inxusto. Parece ser que a liberdade neste país ten un certo límite ou hai ideas que parece que seguen estando prohibidas. Non sei qué pasa.


Aberto o turno de intervencións o Sr. Rubido Ramonde di: Nosoutros vámolos apoiar, aínda que ó día de hoxe non fumos capaces de constatar a veracidade da premisa que leva a esta petición. Pero bueno, iso non será suficiente para non apoiar si efectivamente as cousas son como se din na moción. Con esa reserva.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

13.- MOCIÓN PRESENTADA POR PODEMOS CEDEIRA CONTRA A LEI 4/2015, DO 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ, L.O. 1/2015, DO 30 DE MARZO, POLA QUE SE MODIFICA A L.O. 10/1995, DO 23 DE NOVEMBRO, DO CÓDIGO PENAL (LEIS MORDAZA)

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, do seguinte teor literal:

“Vista a moción presentada por D. Xosé Lois Lago Leonardo en representación de Podemos Cedeira, en data 04.03.2016, que dí:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

“Máis de vinte anos despois da aprobación da Lei de Seguridade cidadá 1/92, o Goberno do Partido Popular sancionou, na súa tónica do “reformazo regresivo”, unha nova Lei, que vén substituír a lei do 92.

Un texto redactado en paralelo á reforma do Código Penal, tamén de marcado carácter restritivo en dereitos, polo que pedimos a súa derogación, e que vén a transformar a maioría das infraccións penais tipificadas como faltas en infraccións administrativas que coa nova Lei de Seguridade Cidadá pasarían a considerarse infraccións administrativas de carácter moi grave, grave ou leve, o que implica a perda de Garantías Xudiciais e a posibilidade real do aumento da arbitrariedade gubernamental á hora de sancionar ao cidadán. O Código penal é tamén de carácter inconstitucional nalgún dos seus puntos: “Devolucións en quente”, “Prisión permanente revisable”, “Delitos por solidariedade con persoas que administrativamente non teñen os documentos en regra”, etc, xa que en moitos dos seus artigos non cumpre os principios fundamentais da Carta Magna, como son o principio de intervención mínima do dereito penal, así como incumpre tamén os tratados internacionais en materia de asilo e refuxio subscritos por España e vixentes na actualidade.


A discrecionalidade que outorga a Lei de Protección da Seguridade Cidadá á Administración á hora de establecer sancións, a elevada contía das mesmas, que non caso das infraccións moi graves poderían chegar aos 600.000 € e a fixación na regulación de condutas habituais nas protestas cidadás, definen a esta Lei de Seguridade Cidadá como a “Lei do medo” ou a “Lei Mordaza”. Habilítase, por tanto, un procedemento administrativo que legaliza a criminalización e persecución das mobilizacións e crea un instrumento gubernamental, para sancionar e desincentivar dereitos democráticos básicos como a liberdade de expresión e de manifestación que recolle a nosa carta magna como dereitos fundamentais.

A Lei Mordaza tipifica novas figuras sancionables, considerando tales os escraches, a diferenza da opinión do que foi presidente do Supremo, Gonzalo Moliner, que declarou que “non é posible dicir a priori se un escrache é ou non legal”, as concentracións ante o Congreso e o Senado ou a escalada en fachadas oficiais, como ocorreu co Palacio das Cortes. Sanciona o uso de carapuchas en manifestacións, faculta á policía para establecer “zonas de seguridade” en perímetros urbanos, e habilita ás forzas e corpos de seguridade a retirar de forma expeditiva vehículos que taponen unha vía pública, no caso de que os concentrados desobedezan a orde dos antidisturbios de despexar a zona. Non se citan expresamente, pero todo indica que apunta a impedir tractoradas, marchas de taxistas ou de camioneiros.

Esta breve descrición dalgunhas condutas que serán reguladas por esta lei, indícanos que esta “Leis Mordaza”, volve situar a seguridade cidadá na órbita do vello concepto de orde pública, moi afastado da concepción democrática e constitucional da seguridade, entendendo esta como a responsabilidade do estado.

E non únicamente ten esta opinión o Círculo de Podemos Cedeira, senón que foi o propio Consello de Europa, institución encargada de velar polo respecto aos dereitos humanos no continente, que xa cualificou como “altamente problemática” a proposta orixinal de lei. Nils Muiznieks, o seu responsable de dereitos humanos, dúbida de que “estas restriccións sexan necesarias nunha sociedade democrática” e cre que se debería velar pola seguridade “sen interferir demasiado na liberdade de reunión” e de manifestación.

Outras leis máis, por tanto, que supón un claro retroceso social, un anacronismo constitucional, un trasnoitado concepto de orde pública e un claro atentado contra dereitos e liberdades democráticos, que son encorsetados en procedementos sancionadores que pretenden impedir a protesta, a crítica e a demostración cívica de desacordo político.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A democracia é expresión e a seguridade cidadá protección de liberdades públicas, non cercenamiento das mesmas. O delito combátese de forma integral, con educación, con promover unha vida digna, con eliminar as diferenzas sociais, con boas políticas de reinserción e cunhas institucións que traballen na prevencións, non no castigo.

Concluimos, expoñendo que esta Lei, reiterativa en regular condutas que xa tipificaba o código penal, e creadora dun novo Estado policial, controlador e limitador de liberdades públicas, é inadmisíbel nunha contorna europea democrática.

O novo Código penal converte a solidariedade en delito. A reforma exposta modifica tamén a redacción do artigo 318 bis, que está dedicado a “Os delitos contra os dereitos dos estranxeiros”. Por unha banda, castígase a quen axude a unha persoa en situación irregular a entrar ou transitar polo Estado español, salvo cando se realice por razón humanitarias, e por outro castiga tamén a quen axude, con algún tipo de aproveitamento económico, aos migrantes irregulares a realizar unha vida normalizada en España. Con todo, non se define que supón “prestar axuda por razón humanitarias” ou “con ánimo de lucro”, o que deixa unha ampla marxe de interpretación: Haberá que esperar a que a persoa en cuestión sufra malnutrición ou teña unha enfermidade grave para poder prestarlle axuda sen que iso se convirta en delito? E alugarlle un piso, ou empregala sen contrato, ou levarlle en ¿Blablacar? Será delito porque obtés diñeiro? Parece que a solidariedade e a acollida pasará a ser delito se prestas apoio a unha persoa en situación irregular, sen papeis, pois darle aloxamento, levala en autostop ou calquera outra conduta similar, poderá ser sancionada penalmente se non é considerada axuda humanitaria.

Polo exposto, propónse ao Pleno do Concello de Cedeira que adopte o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Esixir ao Goberno do Estado, a retirada inmediata da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá así como a Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Segundo.- Solicitamos un debate consensuado entre todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, para a elaboración dun texto que regule a materia de seguridade cidadá incluíndo, no debate así mesmo, a Reforma da Lei 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, superada e obsoleta en moitos dos seus aspectos, así como a Lei Orgánica xeral penal. Solicitamos tamén o debate consensuado entre todas as forzas políticas para a elaboración dun texto xusto na Lei de Enxuízamento Criminal. Todo iso, con obxectivo, de reformar con carácter integral, todos aqueles aspectos relacionados coa seguridade, que deberá conformar un amplo debate social, enfocado non unicamente desde os tradicionais aspectos reactivos senón e fundamentalmente, preventivos, enfocando a análise do delito e a súa contención, como un problema social que abarca variables socioeconómicas e que require un amplo traballo de carácter transversal.

Terceiro.- Dar traslado do acordo ao Goberno do Estado e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados.”

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Pola Alcaldía-Presidencia se outorga a palabra ó Sr. Lago Lenoardo, que di: Sólo un pequeno comentario. Un minuto, si mo concedes, para facer unha pequena reflexión. Aínda que a moción, primeiro teño que agradecerlle a Ana a súa lectura, e por suposto a tí que se poida debatir no pleno.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Dito esto, permitídemme facer un minuto un comentario que non ven moito ó caso sobre isto, pero, xa que no primeiro pleno era un pleno extraordinario e non se podía comentar nada, pois vou roubar un minuto, ademáis, polo reloxo. Queríame referir a Luis o portavoz do PP por unha nota de prensa que fixo sobre o Círculo de Podemos Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Xosé Lois, o tempo que tes agora mesmo é para facer unha defensa da moción, pero todo o que non entre neste senso terás que utilizar outras canles.

O Sr. Lago Leonardo di: Vale. Moitas gracias, de todas formas.

O Sr. Alcalde di: Quero dicir, isto é o que marca a lei. Está a Secretaria aquí se queres que che confirme algo.

O Sr. Lago Leonardo di: Non, non, non. A Secretaria xa me dixo perfectamente o que había. Gracias de todos modos. Esta é unha moción de carácter xeral que lóxicamente nosoutros vamos a intentar, e estamos traballando niso, como xa che comentei a ti a nivel persoal, para prolongala a nivel local. Estamos traballando nun regulamento de participación cidadá que amplíe e concrete en moitos aspectos sobre o tema da participación. E espero que sexa admitida. Espero que sexa aprobada. Lóxicamente, si nos facilitades os vosos correos gustaríanos, como consideramos que é de gran importancia ese regulamento de participación cidadá a nivel local, para que teñades tempo a debatila e mirala a nivel interno en cada partido con detalle, e creo que todos os grupos pensamos que é moi necesario. Polo menos desde o noso. E pensamos que desde os vosos tamén. Facer un proxecto de participación cidadá, que é unha das eivas que ten a democracia acutal. Entón, dende a lei mordaza, que tamén creo que é unha lei do PP. Como dixo Luis no anterior pleno, él non é moi político e sabe perfectamente que esa lei mordaza ten moitas eivas. E espero que incluso por parte do PP local que sexa apoiada.

O Sr. Alcalde di: Xosé Lois, que defendas a moción me parece moi ben, co tema da participación, podes metelo por rexistro, se queres que se debata iso, para comunicarllo a todos os grupos. Pero bueno, tamén che agradecería que dentro da moción non nomees a ninguén.

O Sr. Lago Leonardo di: Non creo que se sinta ofendido.

O Sr. Alcalde di: Non o digo pola ofensa. Dígoo porque non se pode.

O Sr. Lago Leonardo di: Dígoo porque como é unha lei que aprobou o PP en solitario, espero que incluso o PP local a apoie. Porque un comentario que él fixo, que me parece de todo correcto e creo que non lle estou faltando ó respecto a nadie.


O Sr. Alcalde di: Nadie dixo eso.

O Sr. Lago Leonardo di: Él dixo que non era moi político e espero que incluso sexa capaz de apoiar unha moción que vai en contra do que apoiou o seu grupo.

O Sr. Alcalde di: Eu ó único que me refiro é que así como citas o regulamento polo tema da participación, hai un regulamento no tema das intervencións.

O Sr. Lago Leonardo di: De todas formas, si ofendín a alguén, perdoa.

O Sr. Alcalde di: Non é cuestión de ofender. Non se ofendeu a nadie, pero bueno.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu quería intervir porque non entendín ben o que acabas de explicar de participación. A ver, os plenos teñen o regulamento que teñen gústennos ou non nos gusten. Pero nin ti, nin eu, nin nadie do PP, porque digamos en Cedeira os plenos van a ser doutra maneira... Realidade e ciencia ficción. Non sei se ibas por ahí, porque non entendín o que querías dicir.

O Sr. Lago Leonardo di: Non iba por ahí. Estamos traballando nun regulamento de participación cidadá. Non regula os plenos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pensei que ibas a iso. Polo tema de intervir, non intervir.

O Sr. Lago Leonardo di: Non, non. Estamos traballando nun regulamento de participación cidadá que é moito máis amplo que os plenos. Os plenos tamén teñen un regulamento que eu en gran parte descoñezo porque son novato, pero é moito máis amplo. É un regulamento de participación cidadá porque a nosa intención é fomentar precisamente a participación cidadá na vida política. Aquí é moi mellorable e é moi necesario. Creo que unha das eivas que ten a sociedade, non só de Cedeira, é a falta de participación cidadá e regular esto que ao noso entender pretende millorar as canles de participación. Algunhas son novas, outras modificando as xa existentes, e vai nese sentido. Por iso, si me pasades uns correos, gustaríame que fora debatida. A nivel interno primeiro, porque é un borrador. Nosoutros pretendemos presentar un borrador e que a nivel interno sexa debatido e sexa aquí comentado para que, governe quen governe no presente e no futuro, se intente mellorar... Porque, repito, creo que todos os grupos coincidimos que unha das eivas actuais é a falta de participación cidadá.

O Sr. Rubido Ramonde di: En concreto, do regulamento de participación cidadá, aquí existiu xa no seu tempo. No bipartito traballouse cun regulamento. Á mínima que fixemos unhas alegacións nós meteuse no caixón e acabouse. Porque aquilo caíamos na democracia orgánica, na democracia orgánica do franquismo porque ao final desaparecía totalmente o goberno e aquí iban a gobernar as asociacións, as corporacións profesionais, teñen máis que dicir que os concelleiros. Entón temos que andar con coidado con iso porque sabes que é moi fácil de dicir participación cidadá e logo que nas reunións non haxa nadie. Entonces ó final mandan dous e controlan dous. Coidado, que iso é unha perversión democrática. Si estades preparando un proxecto, que coidedes esos temas.

O Sr. Alcalde di: Cortamos xa as intervencións. Paréceme ben que o presentes e outro día que se poida...

O Sr. Rubido Ramonde continúa: En canto á nosa posición, sinto sorprenderte, non sei si te sorprendo, pero vamos coa disciplina de partido. Témolos roto, a disciplina de partido, en algunha ocasión, pero estamos nun sistema garantista e aquí tamén se revisan non só as resolucións xudiciais e as administrativas, senón tamén se revisa, por medio do Tribunal Constitucional, as leis. E creo que hai procedementos que están revisando sobre o tema. O Tribunal Constitucional dirá.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor, do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis abstencións do PP, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

14.- DAR CONTA DO INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO DO CUARTO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2015

En cumprimento do disposto nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de Modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas



operacións comerciais, dáse conta pola Intervención municipal do Informe sobre morosidade e período medio de pagamento correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2015, emitido o 28 de xaneiro de 2016, do seguinte teor literal:

“INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO

Período: 4º Trimestre Exercicio 2015

Primeiro.- Morosidade segundo a lei 15/2010, de 5 de julio

A lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, regula a morosidade o rexistro de facturas na administración local e sinala ao respecto:

Artículo cuarto. Morosidad de las Administraciones Públicas.

1. El Interventor General del Estado elaborará trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de la Administración General del Estado, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

2. Las Comunidades Autónomas establecerán su propio sistema de información trimestral pública sobre el cumplimiento de los plazos previstos para el pago en esta Ley.

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.

Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones locales.

1. La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.

O prazo máximo de pago a provedores ven regulado na **lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, que modifica o artigo 200.4 do Texto refundido da lei de contratos do sector público que queda redactado do seguinte modo:**

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y, si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.


Segundo a Contabilidade municipal, o período medio de pago a provedores segundo a Lei 15/2010 dos pagamentos realizados no trimestre é de **57,53 días, dentro do prazo máximo legalmente admitido de 30 días para a aprobación e 30 días para o pagamento dende a aprobación (Total 60 días).**

Segundo.- Período medio de pagamento segundo o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo

O Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores, establece a metodoloxía e publicidade do período medio de pago a provedores, diferente da sinalada na lei 15/2010:

Artículo 5. Cálculo del período medio de pago de cada entidad.

1. A los efectos del cálculo del período medio de pago global al que se refiere el artículo anterior, el período medio de pago de cada entidad se calculará de acuerdo con la siguiente fórmula:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Periodo medio de

pago de cada entidad = $\frac{\text{ratio operaciones pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operaciones pendientes de pago} * \text{importe total pagos pendientes}}$

$\frac{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendientes}}$

2. Para los pagos realizados en el mes, se calculará el ratio de las operaciones pagadas de acuerdo con la siguiente fórmula:

Ratio de las operaciones

pagadas = $\frac{\sum (\text{número de días de pago} * \text{importe de la operación pagada})}{\text{Importe total de pagos realizados}}$

Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:

Los treinta posteriores a la fecha de entrada de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, o desde la fecha de aprobación de la certificación mensual de obra, según corresponda, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en los que no haya obligación de disponer de registro administrativo, se tomará la fecha de recepción de la factura.

En el caso de las facturas que se paguen con cargo al Fondo de Liquidez Autonómico o con cargo a la retención de importes a satisfacer por los recursos de los regímenes de financiación para pagar directamente a los proveedores, se considerará como fecha de pago material la fecha de la propuesta de pago definitiva formulada por la Comunidad Autónoma o la Corporación Local, según corresponda.

3. Para las operaciones pendientes de pago al final del mes se calculará la ratio de operaciones pendientes de pago de acuerdo con la siguiente fórmula:

Ratio de operaciones

pendiente de pago = $\frac{\sum (\text{número de días pendientes de pago} * \text{importe de la operación pendiente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendientes}}$

Se entenderá por número de días pendientes de pago, los días naturales transcurridos desde los treinta posteriores a la fecha de anotación de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, o desde la fecha de aprobación de la certificación mensual de obra, según corresponda, hasta el último día del periodo al que se refieran los datos publicados. En los supuestos en que no haya obligación de disponer de registro administrativo, se tomará la fecha de recepción de la factura.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Art. 6.2. Las comunidades autónomas y las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y publicarán periódicamente, de acuerdo con lo que se prevea en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la siguiente información relativa a su período medio de pago a proveedores referido, según corresponda, al mes o al trimestre anterior:

- a) El período medio de pago global a proveedores mensual o trimestral, según corresponda, y su serie histórica.*
- b) El período medio de pago mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*
- c) La ratio mensual o trimestral, según corresponda, de operaciones pagadas de cada entidad y su serie histórica.*
- d) La ratio de operaciones pendientes de pago, mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*

La información se publicará en sus portales web siguiendo criterios homogéneos que permitan garantizar la accesibilidad y transparencia de la misma, para lo que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas facilitará a las comunidades autónomas y corporaciones locales modelos tipo de publicación.

No referente a estos cálculos o programa de Contabilidade subministra os seguintes datos:

Ratio operaciones pagadas: 28,29
Importe pagos realizados: 778.988,38 €
Ratio operaciones pendientes: 69,18
Importe pagos pendientes: 247.417,06 €
PMP: 38,15

A efectos de dar cumprimento do sinalado na referida lei, achéganse os informes e listaxes subministrados polo programa da Deputación, segundo os datos subministrados polo programa de contabilidade do período sinalado no encabezamento."

A Corporación queda enterada.

15.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ADOPTADAS DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En consecuencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde o número 1 ao número 171.




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G


2016/G003/000001	1/2016	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
2016/G003/000002	2/2016	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE MONITORES DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
2016/G003/000003	3/2016	SUBSTITUCIÓN DA BIBLIOTECARIA MUNICIPAL POR VACACIÓNS
2016/G003/000004	4/2016	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRAFICO
2016/G003/000005	5/2016	PRORROGA DO ORZAMENTO 2015
2016/G003/000006	6/2016	CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS AO ABEIRO DO CONVENIO AGADIC-1º SEMESTRE 2016
2016/G003/000007	7/2016	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCTAL
2016/G003/000008	8/2016	CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
2016/G003/000009	9/2016	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO
2016/G003/000011	10/2016	DELEGACION DE FUNCIONS DA ALCALDIA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
2016/G003/000012	11/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA Mª CONCEPCION LORENZO RODRIGUEZ
2016/G003/000010	12/2016	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA A DONA MARIA SOL PICOS LOPEZ
2016/G003/000013	13/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DON MAMOUN BELHAJ
2016/G003/000014	14/2016	INDEMNIZACIONES POR RAZON DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN
2016/G003/000017	15/2016	APROBACIÓN DE FACTURAS IMPUTADAS Ó EXERCICIO 2015.
2016/G003/000018	16/2016	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE MARÍA ISABEL PELAEZ MONTERO
2016/G003/000019	17/2016	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
2016/G003/000020	18/2016	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. (MENORES DE IDADE)
2016/G003/000021	19/2016	AUTORIZACION A D. JOSÉ MANUEL MUIÑO LOUREIRO PARA CONSULTA DO CATASTRO ANTIGO
2016/G003/000022	20/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACION – ARQUIVO DO EXP. 27/2015 O.E.
2016/G003/000023	21/2016	SUBSTITUCIÓN DA BIBLIOTECARIA MUNICIPAL
2016/G003/000024	22/2016	MODELOS AEAT 111, 115 E 303 DO CUARTO TRIMESTRE DE 2015
2016/G003/000025	23/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000026	24/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000027	25/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACION – ARQUIVO DO EXP. 30/2015 O.E.
2016/G003/000028	26/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACION – ARQUIVO DO EXP. 36/2015 O.E.
2016/G003/000030	27/2016	ALTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA PARROQUIA DE PIÑEIRO NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS
2016/G003/000031	28/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACION – ARQUIVO DO EXP. 41/2015 O.E.
2016/G003/000032	29/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACION – ARCHIVO DEL EXP. 43/2015 O.E.
2016/G003/000033	30/2016	LEVANTAMENTO DE REPARO – APROBACIÓN TAXA POR UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL 2016
2016/G003/000034	31/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA PARA PAGO DE FACTURAS POR ASISTENCIA AO PROGRAMA/SERVIZO MADRUGADORES" NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE CATRO MENORES."



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000029	32/2016	EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 6/14 RP PROMOVIDO A INSTANCIA DE MANUEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ
2016/G003/000035	33/2016	CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DÓN ILIE CRISTIAN GROZAVU
2016/G003/000036	34/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA PARA PAGO DE FACTURAS POR ASISTENCIA AO OBRADOIRO DE ESTIMULACION COGNITIVA NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO.
2016/G003/000037	35/2016	REINTEGRO DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A CREACION DO SERVIZO LINGÜÍSTICO DE CEDEIRA
2016/G003/000038	36/2016	NOMINA DE XANEIRO DE 2016
2016/G003/000039	37/2016	EXP. DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (34/2015 O.E.)
2016/G003/000040	38/2016	APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCION DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CORRIXIDO - POS 2016
2016/G003/000041	39/2016	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE MARÍA ISABEL PELAEZ MONTERO
2016/G003/000042	40/2016	EXPEDIENTE SANCIONADOR 2015/I001/000004 INCOADO A D. JACOBO PARADA LOPEZ
2016/G003/000043	41/2016	EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS RELATIVOS Ó EXP. DE OBRA 69/2005 E 1ª OCUPACIÓN 8E/2006
2016/G003/000044	42/2016	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCTAL
2016/G003/000045	43/2016	ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (8/2015 O.E)
2016/G003/000046	44/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN — ARQUIVO DO EXP. 31/2015 O.E.
2016/G003/000047	45/2016	AUTORIZACION A D. JOSÉ MANUEL MUIÑO LOUREIRO PARA CONSULTA DO
2016/G003/000048	46/2016	CATASTRO ANTIGO
2016/G003/000049	47/2016	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PEÓN.
2016/G003/000050	48/2016	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OFICIAL 1ª.
2016/G003/000051	49/2016	DECRETO DE SUSPENSIÓN DO PRAZO MÁXIMO PARA RESOLVER O PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE ACONDICIONAMENTO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA
2016/G003/000053	50/2016	SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DUN PROXECTO TÉCNICO NO POS COMPLEMENTARIO-2016
2016/G003/000054	51/2016	NOMEAMENTO XURADO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2016
2016/G003/000055	52/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA CELESTE LUACES SERANTES
2016/G003/000056	53/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA A DONA MARIA JESUS GARCIA FERNANDEZ
2016/G003/000057	54/2016	EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS RELATIVOS Ó EXP. DE OBRA 183/1974




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000058	55/2016	AVOCACIÓN DE COMPETENCIA E APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN TAXA AUTORIZACIÓN VÍAS PROVINCIAIS.
2016/G003/000059	56/2016	DECLARACIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2016
2016/G003/000060	57/2016	POSIBLE CAMBIO DE DATA DO DESFILE DE ENTROIDO
2016/G003/000061	58/2016	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
2016/G003/000062	59/2016	APROBACIÓN DO ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA, A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE CREAR O MUSEO MARES DE CEDEIRA
2016/G003/000063	60/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000064	61/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000065	62/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA A DONA MERCEDES VELO FERNANDEZ
2016/G003/000066	63/2016	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA A DON ANGEL FLORENCIO CORDOBA MARTEL
2016/G003/000067	64/2016	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. XANEIRO
2016/G003/000068	65/2016	CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
2016/G003/000069	66/2016	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 28/2016, CONCEPCIÓN REY PITA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E EMPRAZAMENTO AOS INTERESADOS
2016/G003/000070	67/2016	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 28/2016, CONCEPCIÓN REY PITA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
2016/G003/000071	68/2016	ARQUIVO DO EXPEDIENTE REPOSICION LEGALIDADE URBANISTICA 19/06 INCOADO A D. PAULINO PÉREZ NOVO.
2016/G003/000072	69/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN – ARQUIVO (39/2015 O.E)
2016/G003/000073	70/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN -- ARQUIVO (29/2015 O.E.)
2016/G003/000074	71/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DON ANGEL FLORENCIO CORDOBA MARTEL
2016/G003/000075	72/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA MARIA SOL PICOS LOPEZ
2016/G003/000076	73/2016	MANDAMIENTO PAGO A JUSTIFICAR PARA EL PAGO DE LA ITV CAMIÓN NISSAN M6252NL.
2016/G003/000077	74/2016	CONCESION DE AXUDA ECONOMICA PARA O PAGO DE FACTURAS POR ASISTENCIA AO OBRADOIRO DE ESTIMULACION COGNITIVA NO MES DE XANEIRO
2016/G003/000078	75/2016	ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE OBRA MENOR (2015/U009/000093)
2016/G003/000079	76/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ESTUFAS DE BIOMASA
2016/G003/000080	77/2016	PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2016
2016/G003/000081	78/2016	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA A DONA CELESTE LUACES SERANTES NO DECRETO 52/2016
2016/G003/000082	79/2016	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 34/2015 O.E.
2016/G003/000083	80/2016	PAGO Á FACENDA TRIBUTARIA DE EMBARGO DE CRÉDITOS, SOLDOS, SALARIO E PENSÍONS.
2016/G003/000084	81/2016	MANDAMIENTO PAGOS A JUSTIFICAR PARA EL PAGO DE INSPECIÓN TÉCNICA TACÓGRAFO DO CAMIÓN GUINDASTRE.
2016/G003/000086	82/2016	EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS RELATIVOS Ó EXP. DE ACTIVIDADE 5/1995 (RAMINP)




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G


2016/G003/000085	83/2016	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 DE DECEMBRO DE 2015 AO 31 DE XANEIRO DE 2016
2016/G003/000087	84/2016	EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 3/15 RP PROMOVIDO A INSTANCIA DE SALVADOR PERNAS LOPEZ
2016/G003/000089	85/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000090	86/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000091	87/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000088	88/2016	EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 4/15 RP PROMOVIDO A INSTANCIA DE ANTONIO RODRIGUEZ FABELLO
2016/G003/000092	89/2016	INDEMNIZACIONES POR RAZON DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN
2016/G003/000093	90/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000094	91/2016	NOMINA DE FEBREIRO DE 2016
2016/G003/000095	92/2016	INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO INCOACION DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (EXP. 2016/1002/000001)
2016/G003/000096	93/2016	LEVANTAMENTO NOTÁ REPARO XUSTIFICACION SUBVENCION A.V. PROTECCION CIVIL 2015
2016/G003/000097	94/2016	
2016/G003/000098	95/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL RECTIFICACIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS
2016/G003/000099	96/2016	
2016/G003/000100	97/2016	DENEGACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000101	98/2016	CONSULTA DE EXPEDIENTE
2016/G003/000102	99/2016	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. FEBREIRO MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR PARA A ITV TRACTOR E REMOLQUE 104736VE.
2016/G003/000103	100/2016	
2016/G003/000104	101/2016	EMPRAZAMENTO INTERESADOS PROCEDEMENTO ABREVIADO 343/2015, MARÍA BELÉN LAMAS PARDO CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA E ANTONIO RODRÍGUEZ FABELLO
2016/G003/000105	102/2016	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 24/2015 O.E.
2016/G003/000106	103/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN — ORDEN DE EJECUCIÓN (35/2015 O.E)
2016/G003/000107	104/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN – ORDEN DE EJECUCIÓN (42/2015 O.E)
2016/G003/000109	105/2016	SUBSTITUCIÓN DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS
2016/G003/000110	106/2016	CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA POLA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIONES LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO LIMPADOR/A
2016/G003/000111	107/2016	EXPEDIENTE SANCIONADOR 2015/1002/000002 INCOADO A D. JESUS BARCIA PEREZ
2016/G003/000112	108/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000113	109/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN – ORDE DE EXECUCIÓN (38/2015 O.E)
2016/G003/000114	110/2016	NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS
2016/G003/000115	111/2016	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 AO 29 DE FEBREIRO DE 2016
2016/G003/000116	112/2016	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO
2016/G003/000117	113/2016	XUSTIFICACIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA A DON ÁNGEL FLORENCIO CÓDOBA MARTEL NO DECRETO 71/2016
2016/G003/000118	114/2016	CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DON ÁNGEL FLORENCIO CÓRDOBA MARTEL



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000119	115/2016	CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO
2016/G003/000120	116/2016	DESISTIMENTO DO EXP. 2015/U020/000001
2016/G003/000121	117/2016	RECTIFICACION DATOS NOMINA DE XANEIRO DE 2016
2016/G003/000122	118/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA CELESTE LUACES SERANTES
2016/G003/000123	119/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS
2016/G003/000124	120/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000125	121/2016	EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS
2016/G003/000126	122/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA SINALIZACIÓN DE LUGARES DE INTERÉS TURÍSTICO DO CONCELLO DE CEDEIRA
2016/G003/000127	123/2016	INDEMNIZACIONES POR RAZON DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO NOS POSTOS DE PEÓN
2016/G003/000128	124/2016	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS AUXILIARES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A XORNADA COMPLETA
2016/G003/000133	125/2016	SUBSTITUCIÓN DO SR. ALCALDE POLA PRIMEIRA TENIENTE DE ALCALDE
2016/G003/000134	126/2016	NOMINA DE MARZO DE 2016
2016/G003/000135	128/2016	SOLICITUDE CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN -- ORDE DE EXECUCIÓN (40/2015 O.E)
2016/G003/000136	129/2016	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO
2016/G003/000132	130/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 72/2016
2016/G003/000137	131/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 95/2016
2016/G003/000138	132/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 95/2016
2016/G003/000139	133/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 118/2016
2016/G003/000140	134/2016	LEVANTAMENTO DE REPARO PROGRAMA DIFUSION CINEMATOGRAFICA CINEMAS DE GALICIA
2016/G003/000129	135/2016	LICENZA NÚM. 01/2016 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO
2016/G003/000130	136/2016	LICENZA NÚM. 02/2016 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO
2016/G003/000141	137/2016	CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO
2016/G003/000142	138/2016	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO COMO OFICIAL 1º.
2016/G003/000143	139/2016	RESOLUCION SANCIONADORA EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTA DE TRAFICO
2016/G003/000144	140/2016	RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR CÁNDIDA DAMOTA PICOS CONTRA A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 21.12.2015, DECRETO Nº 566 (EXP. REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA 2015/I002/000001)
2016/G003/000145	141/2016	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO
2016/G003/000146	142/2016	CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA POLA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIONES LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO LIMPADOR/A.




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000148	143/2016	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO COMO LIMPADOR/A
2016/G003/000149	144/2016	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. MARZO
2016/G003/000150	145/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000151	146/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000152	147/2016	OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON TERRAZA
2016/G003/000153	148/2016	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 01 2016 TC 01 2016
2016/G003/000154	149/2016	APROBACIÓN DE GASTOS XORNADAS DA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA
2016/G003/000155	150/2016	RESOLUCIÓN DO RECURSO PRESENTADO POLA USTG Á CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA FORMACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PEON, LIMPADOR/A E OFICIAL 1ª
2016/G003/000156	151/2016	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO NOS POSTOS DE PEÓN EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN – ORDEN DE EJECUCIÓN (32/2015 OE)
2016/G003/000157	152/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000158	153/2016	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
2016/G003/000159	154/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000160	155/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000161	156/2016	ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POR RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PARA O PROXECTO “ÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL”
2016/G003/000162	157/2016	ALTA DUNHA ASOCIACIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS
2016/G003/000163	158/2016	APROBACIÓN PROX. TÉCNICO CORRIXIDO DA MELLORA NA ACCESIBILIDADE E OUTRAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL””
2016/G003/000164	159/2016	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 AO 31 DE MARZO DE 2016
2016/G003/000165	160/2016	INDEMNIZACIONS POR RAZON DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN
2016/G003/000166	161/2016	ASISTENCIA DO INTERVENTOR A UN CURSO DE FORMACIÓN
2016/G003/000167	162/2016	ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS CON VIXENCIA DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018
2016/G003/000168	163/2016	MODELOS AEAT 111, 115 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2016
2016/G003/000169	164/2016	PRORROGA DO CONTRATO DE MARIA BUSTABAD MARTINEZ COMO EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO
2016/G003/000170	165/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000171	166/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000172	167/2016	APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
2016/G003/000173	168/2016	CONCESION AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000174	169/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000175	170/2016	RESOLUCION ESTIMATORIA DE ALEGACIONS DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRAFICO
2016/G003/000176	171/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓN – ARCHIVO (38/2015 O.E)

A Corporación queda enterada.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

16.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Polo Presidencia se informa de que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, os asuntos que se transcriben a continuación.

Toma a palabra o Sr. Rubido Ramonde, que di: Está ben as mocións de urxencia. Pero eu pediría que este tipo de práctica que non se abusara dela. Nós tamén nos vimos en situacións así porque non dá tempo ó estudo, pero bueno...Nosoutros imos aprobar a urxencia.

O Sr. Alcalde di: Unha delas xa aparecía na Comisión Informativa de Plenos, así que xa foi transmitida, pero bueno, entendemos as súas reclamacións.

16.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO MUNICIPAL DE CEDEIRA RELATIVA Ó REXEITAMENTO Á INSTALACIÓN DUNHA PLANTA SATÉLITE DE GAS LICUADO NUNHA PARCELA SITUADA NO LUGAR DOS LOUREIROS, O BARRAL, ESTEIRO.

Pola Secretaria dáse lectura á moción, que dí:

“1.- A Corporación Municipal do Concello de Cedeira acorda e subscribe, con respecto á instalación dunha planta satélite de gas licuado nunha parcela situada no lugar dos Loureiros, O Barral, Esteiro, a seguinte declaración institucional:

Rexeitamos a instalación da devandita planta no lugar indicado, e engadimos ao recollido nas alegacións elaboradas polo arquitecto municipal que expoñemos a continuación, que plantas como esta con actividades clasificadas normativamente como molestas, nocivas e insalubres só se poderían instalar legalmente no noso termo municipal, no parque industrial do polígono da Trabe.

No informe técnico realizado polo arquitecto municipal con data 23 de marzo do 2016 inclúense entre outras, as seguintes alegacións:

Primeira.- A parcela onde se pretende instalar a planta de gas sitúase nunha zona con núcleos de especial valor, como o de Os Loureiros, O Barral e Saa (parroquia de San Fiz de Esteiro), e resulta un entorno cunha singularidade paisaxística de indubidable valor, así recoñecido no Plan Xeral (PXOU), que o sitúa en zona de protección de vistas e o clasifica como Solo non urbanizable de protección agropecuaria e de canles e zonas baixas (Solo rústico de especial protección agropecuaria e das auga), así como no documento do Plan de Ordenación do Litoral (POL), que o identifica como Area de Corredor Ecolóxico e da Area de Mellora Ambiental e Paisaxística e lindante cunha zona da Rede Natura que resulta Lugar de Interese Comunitario (LIC) e Zona de Especial Protección do Valores Naturais (ZEPVN).

Segunda.- A documentación aportada non expón dúbidas sobre que a construción de dita instalación suporía un elemento absolutamente disonante có entorno paisaxístico mencionado, así como sobre a propia entidade e características das vivendas sitas nas súas proximidades, tratándose dunha intromisión no entorno e que dende logo non se adapta no básico, presentándose como un caso manifesto de infracción da obriga de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, o que provocaría unha desnaturalización do entorno cuxos valores merecen ser protexidos da perturbación pretendida.

Terceira.- O lugar elixido tamén esta afectado por unha ampla lexislación sectorial, como a zona de policía do Rego Gumil, o entorno có patrimonio cultural como o Escolar de San Fiz de Esteiro, a protección de vistas, da natureza e paisaxística.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A actuación proposta, ademais de acomodarse ao disposto na obriga de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, tamén debe facelo ao que dispoñan as normas sectoriais sobre medio ambiente, protección do Patrimonio e outras, cuestión que se obvia na presente actuación, que precisa de numerosas autorizacións e/ou informes favorables sectoriais, e que non constan, como o da Consellería de Medio Rural, do Instituto de Estudos do Territorio, de Augas de Galicia, do organismo competente en materia da paisaxe, do organismo competente en materia de protección da natureza. Tamén require da adecuada coordinación cós servizos urbanísticos existentes (augas, saneamento, electricidade), polo que resulta necesario informe favorable das compañías subministradoras de ditos servizos.

Cuarta.- A proposta non xustifica que a actuación sexa conforme coa lexislación sectorial vixente, en especial á relativa á ordenación do territorio e medio ambiente, en particular coas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).

Quinta.- A proposta incumpre as condicións xerais para actuacións no solo rústico establecidas na Lei do Solo Galega, concretamente o uso a volumetría e os materiais propostos non gardan relación cós usos, características estéticas e construtivas, materiais, cores e acabados coa paisaxe rural e construcións do entorno, onde se sitúan núcleos rurais, cun gran número de edificacións de carácter tradicional e que configuran a tipoloxía característica do Concello de Cedeira.


Mesmo o acceso proposto para actuación, que resulta un camiño rural, e polas súas características de trazado, ancho e firme aparecen como inadecuados para o fluxo previsto de vehículos de transporte de gran tonelaxe.

Sexta.- A documentación aportada, en xeral, carece da documentación mínima esixible para este tipo de actuacións en solo rústico, de acordo coa lexislación autonómica do solo.

Engadir ademais de todos os incumprimentos da normativa legal expostos, o terrible impacto medioambiental, paisaxístico e afección á calidade de vida de toda a veciñanza do lugar en particular e do Concello en xeral.”

Aberto o turno de intervencións o Sr .Rubido Ramonde di: Sí, gracias. Nestes casos a licenza sempre é municipal e preceptiva e solo se excepciona no caso de proxectos que son promovidos pola Administración Pública ou Entes Públicos, que non é o caso. Nós botamos de menos unha declaración clara e rotunda de que non se vai dar licenza chegado o caso. E non hai máis que dicir. Porque meter xa máis incertidume nos veciños. E nunha zona que, si non se fala con toda claridade, polo momento e por unha temporada está depreciada totalmente. Unha manifestación institucional, posto que hai informes técnicos que dan lugar a que non se poda dar licenza, de que non se vai dar licenza. Chegado o caso, porque aínda o dubido...Nada máis. Asumimos plenamente e vamos votar que sí.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu non entendo, e ademais vostede deste tema, eu supoño que ten coñecemento de licenzas, normativas e demais. En ningún momento o que recollemos na declaración... son puntos ademais e apartados quitados literalmente dun resumo do informe do arquitecto municipal. En ningún momento se está negando neste informe a posibilidade... É dicir, todo o que se di no informe, e por onde máis vai é polo tema da protección da paisaxe, desnaturalización, e demais, pero a lei do solo permite este tipo de construcións, e vostede sabeo, en solos rústicos de especial protección. E vostede sabeo, e a lei que acaban de aprobar ademais ten algún párrafo que o di exactamente, o tipo de construcións que se permiten. Entón si que as permite. Entón non fagamos a trampa de si o Concello vai a dar licenza ou non porque vostede sabe que hai moitas formas de que o Concello teña que tragar o que lle metan. Se todo isto fora por outro tipo de tramitación a través do Consello da Xunta, que utilidade pública e que non sei qué... que pode



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ser difícil porque o gas tampouco ten porqué ser considerado de utilidade pública. Pero chegado o caso pode selo. Eu confío en que non, pero pode selo. E, a ver, ¿qué fai o concello? Ir ó contencioso. Quero dicir, que vostedes fan trampa, fan trampa e eu creo que a sabiendas, sinceramente.

O Sr. Rubido Ramonde di: Vamos a ver, ¿as conclusións do informe técnico qué din? Vámonos deixar de literaturas. Qué di a conclusión.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Qué di a conclusión do informe técnico?


O Sr. Alcalde di: Esta mesma discusión tivémola o mércores, non, o martes, e chamamos ao arquitecto municipal a petición do portavoz do grupo popular e explicou perfectamente que ao final quen ten que dar licenza... Bueno, sabemos que a veces os políticos pasamos polo informe dos técnicos, pero bueno, neste caso non. Non sei o que faría vostede. Pero neste caso non. Explicou perfectamente que a lei do solo permite dar licenza. Claro que é unha licenza municipal. Por suposto que é unha licenza municipal. E no informe, na conclusión á que vostede se refire, está nun punto deses, que era o tema paisaxístico, que lle poden dar eles a forma, porque hai multitude de sitios que lle deron a forma, pintárono tan bonito que ao final se fixo. Pero sí que é unha licenza municipal, por suposto. Entón o informe, por certo, moi ben elaborado polo arquitecto municipal. Un informe moi detallado, moi exhaustivo, pero un informe que pide alegacións sectoriais, que pide que esas afeccións sectoriais que pode ter o proxecto, que pode ter a instalación, que veñan dende Industria, que industria llas remita á empresa . Eso virá ao Concello. Vostede imaxine que todo ao final ven aprobado. Vostede, estamos dicindo, que si ao final ven todo aprobado e o técnico municipal vai dicir que si, a Secretaria do Concello vai dicir que si, que nosoutros temos que dicir que non. Cuns informes en contra. ¿Eso realmente é o que me está dicindo? Ou igual estou entendendo mal. Pero creo que foi o que vostede dixo. As conclusións din... as conclusións e todo o informe, o informe é concluinte.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non, non. A conclusión final.

O Sr. Alcalde di: Pero é que vostede dixo... Xa sei que vostede ten iso que pasa por encima do informe dos técnicos. Pero o outro día llo dixo o arquitecto. Está o informe ahí.

O Sr. Rubido Ramonde di: A ver, corrixa o que acaba de dicir.

O Sr. Alcalde continúa: O arquitecto lle dixo perfectamente que o tema medioambiental era algo subsanable tal e como di este informe. Ademáis que o di. Non sei en qué apartado é. A actuación proposta, ademáis de adecuarse ao disposto na obriga - esto é da conclusión - de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe tamén debe facelo ao que dispoña a norma sectorial sobre medio ambiente, protección do patrimonio e outras. Cuestións que xorden na presente actuación, que precisa de numerosas autorizacións ou informes favorables sectoriais e que non constan, como da Consellería do Medio Rural, do Instituto de Estudos do Territorio, do organismo competente en materia de paisaxe, ou do organismo competente en materia de protección da natureza. Tamén require unha adecuada coordinación cos servizos urbanísticos existentes, augas, polo que resulta necesario informe favorable..., non pero esta parte...A proposta incumple as condicións xerais para actuación no solo rústico establecidas na lei do solo galega, concretamente o uso da volumetría e materiais propostos que non gardan relación cos usos, características estéticas e constructivas, materiais, cores e acabados coa paisaxe rural e construcións do entorno onde se sitúan núcleos rurais, con edificacións de carácter tradicional e que configura unha tipografía característica do Concello de Cedeira. O outro día tiñamos unha situación, e llo enseñamos, en Viveiro mesmo hai unha subestación eléctrica en suelo rústico, eso sí, por fora parece un hotel.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Non leu as conclusións.

O Sr. Alcalde di: Non están conclusións no informe. Isto é a declaración institucional.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Na declaración non están as conclusións. É unha pena, pero e que o informe non o teño tampouco. ¿Ana tí telo?

O Sr. Alcalde di: Non o teño. Si o tivera líao. Pero eso é o que di. Que é subsanable con iso.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si. Di, en aplicación do...

O Sr. Alcalde di: Bueno, a vostede o outro día llo dixo o arquitecto. Vostede está claro que o arquitecto para vostede non ten valor neste Concello.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non manipule.

Polo Sr. Presidente se somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade, e polo tanto polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e, en consecuencia, incluída na orde do día.

Sometida a votación ordinaria a moción transcrita, resulta APROBADA por unanimidade dos membros presentes.

16.2.- MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL E DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 28.04.2016, que dí:

“En sesión plenaria celebrada o día 8 de xaneiro de 2016 aprobouse inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2016, xunto coas bases de execución e a plantilla de persoal, así como o catálogo de postos de traballo do Concello.

En dita plantilla figuran, entre outras, as seguintes prazas:

Persoal Laboral

Auxiliar Axuda no Fogar

4 prazas vacantes

50% xornada

Sen titulación específica

Por Resolución de alcaldía número 56/2016 de 5 de febreiro de 2016 declarouse definitivamente aprobado o orzamento xeral do concello para o exercicio 2016, publicado no BOP núm. 26 do 10 de febreiro de 2016.

En sesión plenaria do 16 de marzo de 2016 foi aprobado definitivamente o catálogo de postos de traballo do Concello de Cedeira para o exercicio 2016 publicándose anuncio no BOP núm.59 do 30 de marzo de 2016.

En data 31 de marzo de 2016 causaron baixa dúas auxiliares de axuda no fogar a media xornada por formalización de contrato a tempo completo, quedando polo tanto dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a media xornada vacantes.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Actualmente o cadro de persoal de Auxiliar de Axuda no Fogar do concello conta cun total de 21 prazas a xornada completa e catro a tempo parcial (50% da xornada), e estimando suficientes dúas prazas a media xornada para prestar adecuadamente o servizo, considérase procedente amortizar as dúas prazas vacantes a tempo parcial de auxiliar de axuda no fogar para poder formalizar un contrato a tempo completo.

Mediante Providencia de Alcaldía de data 26 de abril de 2016 se inicia expediente para proceder á modificación da plantilla de persoal e do catálogo de postos de traballo para o exercicio 2016, amortizando dúas prazas de auxiliar de axuda no fogar a media xornada.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, de data 26 e 28 de abril de 2016,

En base ao exposto, de acordo co establecido no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente a modificación da plantilla de persoal do concello e do catálogo de postos de traballo correspondentes ao exercicio 2016 AMORTIZANDO dúas prazas vacantes de Auxiliar de Axuda no Fogar a media xornada:

PERSONAL LABORAL	PAZAS	VACANTES	XORNADA	TITULACIÓN
Auxiliar Axuda no Fogar	2	2	50,00%	Sen titulación específica

SEGUNDO. Declarar dispoñible o seguinte posto de traballo previsto no catálogo e anexos de persoal do orzamento de 2016:


Nº CPT	Prog. Cargo o Categoría	Estado
5715022AUXAF-24	231 Auxiliar Axuda no Fogar	Vacante

TERCEIRO. Que se someta este acordo á información pública por un prazo de quince días mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que consideren pertinentes. Unha vez transcorrido dito prazo, se non se presentan alegacións, entenderase como definitivo o acordo de aprobación inicial, debendo cumprirse o trámite da publicación do cadro de persoal no Boletín Oficial da Provincia e comunicación do acordo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

Polo Sr. Presidente se somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade, e polo tanto polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e, en consecuencia, incluída na orde do día.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Sometida a votación ordinaria a proposta transcrita, resulta APROBADA por unanimidade dos membros presentes.

16.3.- APROBACIÓN PROXECTOS TÉCNICOS CORRIXIDOS OBRAS “ALUMADO PASEO FLUVIAL E PARQUE SAGRADO CORAZÓN” E “AMPLIACIÓN DO ALUMADO PÚBLICO DO PASEO DA MAGDALENA” INCLUIDAS NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL 2015 DA DEPUTACIÓN

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 27.04.2016, que dí:

“Mediante o acordo plenario de data 17.12.2015 solicitouse a participación no Plan de Acción Social 2015 da Deputación Provincial; no cal foron incluídos entre outros, os seguintes proxectos:

- Alumado paseo fluvial e Parque Sagrado Corazón
- Ampliación do alumado público do Paseo da Magdalena

Con data 20/04/2016 recibíuse un requirimento da Excma. Deputación Provincial, instando á corrección destes proxectos no senso de que “segundo o establecido nas bases do Plan de Acción Social, no proxecto da obra non se pode facer referencia a marcas concretas en ningún documento do mesmo”.

Unha vez recibidos con data de hoxe os proxectos técnicos de “Alumado paseo fluvial e Parque Sagrado Corazón”, e “Ampliación do alumado público do Paseo da Magdalena”, coas correccións realizadas de acordo co requirimento da Deputación Provincial, as cales non supoñen variación nos importes totais dos proxectos, **proponho** ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Alumado paseo fluvial e Parque Sagrado Corazón", unha vez corrixidas as deficiencias sinaladas pola Deputación Provincial, corrección que non supón variación no importe total do mesmo.
- 2.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Ampliación do alumado público do Paseo da Magdalena", unha vez corrixidas as deficiencias sinaladas pola Deputación Provincial, corrección que non supón variación no importe total do mesmo.
- 3.- Enviar os proxectos técnicos referidos e a documentación que corresponda á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.”


Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

Polo Sr. Presidente se somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade, e polo tanto polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e, en consecuencia, incluída na orde do día.

Sometida a votación ordinaria a proposta transcrita, resulta APROBADA por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis abstencións do PP.

16.4.- RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA 175/2016, DE 22 DE ABRIL.

Pola Secretaria dáse lectura á Resolución da Alcaldía 175/2016, de 22 de abril, que dí:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“Asunto: APROBACIÓN PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO "ACONDIC. ENTORNO INSTALACIÓN DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS”

Mediante o acordo plenario de data 17.12.2015 solicitouse a participación no Plan de Acción Social 2015 da Deputación Provincial; no cal foi incluído entre outros, o proxecto da obra "Acondicionamento do entorno das instalacións de depuración de augas residuais de Cedeira".

De acordo co informe do Sr. arquitecto municipal, foron solicitadas as seguintes autorizacións sectoriais:

- Demarcación de Costas do Estado
- Augas de Galicia
- Plan de Ordenación do Litoral (POL), Instituto de Estudos do Territorio.

Constan recibidas as autorizacións da Demarcación de Costas do Estado e de Augas de Galicia. Con data 10.02.2016 recibíuse o informe favorable emitido polo Instituto de Estudos do Territorio, no cal consta a recomendación de substitución dunha maia metálica de peche por outra de arame ou cinxética, por axustarse mellor ás características tipolóxicas dos peches circundantes.

Unha vez feita a corrección no proxecto técnico de “Acondicionamento do entorno das instalacións de depuración de augas residuais de Cedeira”, segundo a recomendación do Instituto de Estudos do Territorio, a cal non supón variación no importe total do proxecto, RESOLVO:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Acondicionamento do entorno das instalacións de depuración de augas residuais de Cedeira", unha vez corrixiadas as deficiencias sinaladas no informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio, as cales non supoñen variación no importe total do mesmo.
- 2.- Enviar o proxecto técnico "Acondicionamento do entorno das instalacións de depuración de augas residuais de Cedeira" e a documentación que corresponda á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.
- 3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”


Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

Polo Sr. Presidente se somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade, e polo tanto polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e, en consecuencia, incluído na orde do día.

Sometida a votación ordinaria a ratificación da Resolución transcrita, resulta APROBADA por unanimidade dos membros presentes.

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún outro asunto.

17.- ROGOS E PREGUNTAS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Urbanismo. Quería preguntar en qué situación se atopa o PERI promovido na Xunqueira pola familia Arriví.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pois o PERI presentou hai dúas semanas ou por ahí un escrito de consideracións varias o promotor. Eu cóntolle a información que eu sei dende que chegamos nós. Solicitaron unha reunión co Concello. Reunímonos co arquitecto, porque quen leva o tema, como vostede comprenderá, é o arquitecto municipal, e coa arquitecta da parte promotora. E faláron de varias cousas. O promotor insistiu en que levaba moitos anos, e é verdade que é un tema que leva moitísimos anos tramitándose.


O Sr. Alcalde di: Dez anos.

A Sra. Rodríguez Pérez continúa: Dez anos tramitándose. E o que temos previsto, e de feito estabamos esperando a que pasara este pleno é volver a convocalo a unha nova reunión, máis que nada porque quen teñen que falar e entenderse son os arquitectos. É dicir, él presenta unha serie de subsanacións e o arquitecto o que ve é que hai máis cambios que se añaden a maiores e que habería que subsanar. A ver, son cuestións técnicas, evidentemente. Nós non temos ningún problema. A nós interesaríanos ademáis que se levara adiante porque sabe vostede e sabe todo o mundo que o concello gaña terreo, e ademáis unha superficie importante de solo público. Entón niso estamos, o que pasa que o traballo ahí depende do técnico e tamén da técnico da outra parte.

O Sr. Alcalde di: Eu quería solo ao que di María aumentar un pouquiño. O interese do concello e de toda a corporación e dos veciños é fundamental que este proxecto se execute canto antes precisamente por iso. Porque creo que ademáis é unha parcela duns 2.500 m² que pasaría a propiedade do concello. Solo moi bo. E creo que sería algo excepcional. Digamos que, un pouquiño, as cuestións técnicas, porque creo que o informe sí que é moi exhaustivo onde eu podo comprendelo, e nas cuestións técnicas que se lle formularon ao arquitecto municipal neste caso, a nosa teima era dicir, vamos a ver, os informes que hai anteriores, os informes que se fixeron antes dende o concello, eses informes feitos por técnicos do concello ¿non teñen validez? É como si mañá este arquitecto se cambia, ven outro e temos que volver a empezar. Un pouquiño eu iría por ahí. ¿cómo non van ter validez? O que dicía o noso arquitecto municipal é que o que se presentou non eran só correccións do que se había falado. Que eran outras cousas diferentes, a maiores. Entón él contesta sobre esas variacións a maiores. O que se presenta agora non é un informe técnico. Digamos que o que se presenta agora por parte da propiedade é un informe xurídico. Un informe xurídico onde, digamos, se fai desconfiar, por chamalo dalgunha forma sinxela, neste caso ó técnico municipal do concello. Entón nós, para que isto tampouco trascenda, porque o que nos interesa, tanto á propiedade como ó concello, é que se saque canto antes, a nosa idea é chamar á propiedade, que veña co seu abogado, que veña coa súa arquitecta, que se sente co noso arquitecto, coa nosa xurídica e que falemos do proxecto e intentar que se vaia para adiante. Porque realmente o que presentan agora é unha contestación xurídica o cal é como un retroceso, que ten ahí un parón o proxecto porque non son contestacións técnicas. Este é o estado en que está actualmente.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, en qué situación está a modificación do plan na Maravilla.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Qué tendenciosa a pregunta, quero dicir, sabemos todos, vamos a falar clariño, sabemos todos, porque a parte promotora díxollo ao Alcalde de malas maneiras, pola calle, e demáis. O rumor, non sei si difundido por vostedes, si por quén, de que hai intereses neste Concello de que salga adiante a modificación de enfrente... Si, sabe perfectamente, que salga adiante antes que o tema da Xunqueira. Eu mesma, falando co arquitecto do tema, que vostede sabe que eu destes temas a nivel técnico algo de planeamento sei pero pouco, da parte que me ten tocado con arqueoloxía pero de temas de urbanismo a nivel de arquitectura e demáis, bueno, en fin... O caso, que



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ó arquitecto municipal eu díxenlle, si este señor leva esperando dez anos o normal é que a tramitación deste señor é máis urxente e vaia máis rápido. E o outro, o de enfrente da gasoliñeira, de que eu saiba agora mesmo, pois viñera aquí algúen a falar do tema e pouco máis. Falárase de cómo acometelo de novo, porque ahí tamén a tramitación feita por vostedes fora bastante desastrosa, si non recordo mal.

O Sr. Rubido Ramonde di: Cunha arquitecta que gañou a oposición con vostedes e foi anulada polos tribunais. Non sei se tivo un apuro o Alcalde agora mesmo. Vamos á cuestión.


O Sr. Alcalde di: Gustaríame solo facer unha pequena intervención. Vou contestar eu.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero estou facendo unhas preguntas.

O Sr. Alcalde di: Pero esto non é un monólogo. Sempre llo digo. Vostede preguntou. Respostóuselle, agora vou a respostar eu. Eu pregunto, vostedes respecto á modificación puntual cando estaban no goberno ¿presentáronlles algo?, ¿falaron algo? Esta modificación da que falou, alí diante da gasoliñeira.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero vamos a ver eu son o que estou facendo as preguntas.

O Sr. Alcalde di: Eu contéstolle. Vou ler un acta dunha comisión informativa de plenos: Vista a proposición da alcaldía que di - esto foi comisión informativa de plenos o 24 de marzo do 2014- resultando que en data 22 de febreiro de 2013 se presenta por D. Pablo Diego Moreda Gil, que son eu, en representación de Albergues Rías Altas, escrito solicitando o inicio da tramitación para a modificación do plan xeral de ordenación municipal de Cedeira nos lugares de Beco e Agrochail para uso comercial, adxuntado proposta de modificación puntual plan xeral de ordenación municipal de Cedeira de decembro de 2012. Resultando que en data 15 de xullo de 2013 remítese polo Concello á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras o documento de inicio de avaliación ambiental e estratéxica da modificación puntual do plan xeral de Cedeira, para a modificación do uso actual a uso comercial, aos efectos de emisión, si procede, do preceptivo informe de avaliación ambiental e estratéxica. Resultado que en data 30 de agosto de 2013 ten entrada no rexistro do Concello oficio da Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental achegando copia compulsada da decisión de non sometemento a avaliación ambiental estratéxica relativa á modificación puntual do plan xeral, xunto con copia do escrito de observacións de Augas de Galicia para a elaboración do documento de referencia da modificación puntual do plan xeral, indicando que non existen incidencias sobre bens baixo tutela de xestión de dito organismo, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico, sinalando, non obstante, a importancia de que no desenvolvemento da modificación se reflicta unha correcta xustificación da dispoñibilidade de recursos para o abastecemento, e xustificación da capacidade de xestión no saneamento. Resultando que en data 14 de outubro do 2013 D. Pablo Diego Moreda Gil, que sigo sendo eu, en representación de Albergues Rías Altas, S.L., presenta escrito no que solicita que se teña por presentada proposta definitiva da modificación puntual do plan xeral de Cedeira, achegando cuadruplicado exemplar da referida proposta de setembro de 2013, acreditación da propiedade dos terreos e acreditación das razóns de interese público xustificadas. Visto o informe de Secretaría de data oito de novembro de 2013 de Manolo Larrosa, favorable. Visto o informe técnico emitido con data 13 de xaneiro de 2014 polo xefe do equipo redactor do plan xeral de Cedeira -eso era porque naquela época, si non recordo mal, a arquitecta municipal estaba de baixa, entóns fixeron o trámite normal e solicitan un informe preceptivo ao redactor do plan - no que se acredita que a proposta de modificación do plan xeral presentada en cumprimento do establecido nos artigos 62, 93 e 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non implicando nin a reclasificación de solo, nin o incremento de intensidade de uso nunha zona, nin ataíña a sistemas xerais previstos no planeamento vixente, polo que non precisará obter o informe




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

previo á aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85.1 da Lei. Visto o informe de Secretaría de data 17 de marzo de 2014, que creo que foi de Ana, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao abeiro do disposto no art. 22.2 c) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, proponho ao Concello de Cedeira a aprobación do seguinte acordo -é dicir, a anterior corporación propón á Comisión Informativa o seguinte acordo - aprobar inicialmente o proxecto de modificación puntual do plan de ordenación municipal, cambio de cualificación urbanística na parcela ubicada á beira da estrada AC 556, estrada Cedeira-Ferrol, parroquia de Piñeiro, integrada na ordenanza de solo urbano de edificación residencial de baixa densidade de grado 2, polo de solo urbano residencial en edificación aberta URTA, categoría 4 de uso terciario e autorizar o uso comercial nos termos que constan no expediente. Segundo: Que se abra un prazo de exposición pública por un período de 2 meses mediante un anuncio que se publicará no diario oficial de Galicia e en dous diarios de maior difusión da provincia. Durante o devandito periodo calquera interesado poderá consultar o expediente no servizo de urbanismo aos efectos de que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes. Terceiro: Que se suspenda o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Cuarto: Que se lles dea audiencia aos municipios limítrofes simultaneamente durante o mesmo prazo de información pública. Quinto: Que se solicite, ao mesmo tempo que se realiza o trámite de información pública, informe dos organismos afectados por razón das súas competencias sectoriais, previo informe da Arquitecta municipal no que se determine os informes sectoriais que se consideren necesarios. Non obstante o Concello Pleno acordará o que estime oportuno. No turno de intervencións prodúcense as seguintes: Sr. Vergara Rey pregunta: ¿Hai informe de Intervención? Porque anteriormente se prevía un convenio a cambio dunha contraprestación. ¿Era o expediente diferente? ¿Hai informe da Arquitecta? Sra. Secretaria - Ana - di: A arquitecta incorporouse hoxe, de baixa por maternidade. Se lle pasará o expediente agora. É dicir, tamén foi casualidade, que o mesmo día que vai a comisión informativa a arquitecta aparece - Imaxinádevos que a arquitecta non... que é o normal, podía tardar dous días máis, que non aparecese - Sr. Vergara Rey di: Estamos en pleno proceso de revisión do plan xeral e non ten sentido iniciar un proceso inacabable de reformas puntuais. Non meta nun caixón o obscuro plan xeral e non inicien dunha maneira pouco xustificable este tema. Bueno, contestación de Alfredo: Do plan o que xa está feito solo se pode aproveitar o que fixemos nós...Bueno, blablablá, blablablá. A comisión - esto é para levalo ao pleno, para aprobalo no pleno - por catro votos a favor do Partido Popular e dúas abstencións do PSdG-PSOE, se acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao pleno a súa aprobación. É dicir, levámolo ao pleno pero, como veu a arquitecta hai que pedirlle informe á arquitecta, non vaia a ser. E o día do pleno, estaba no punto dous, pola presidencia se anuncia que este punto se retira da orde do día por existir un informe de última hora da arquitecta municipal, a fin de facer unha valoración axeitada do mesmo. É dicir, que me parece increíble, aínda sabendo que eu sí que traballei nesa empresa, que presentei todo iso, me parece increíble. É unha cousa que se tratou nas anteriores corporacións. E vostede sabía perfectamente, que o estiveron traballando para facelo. Porque non é nada ilegal. É unha cousa normal, que todo o mundo ten dereito. Ao final os técnicos dirán si se pode facer ou non se pode facer. Que vostede utilice o PERI, ós propietarios do PERI, meténdolles cizaña con isto e que mo bote en cara a min, cando vostede iba a aprobalo. Home, por favor. Me parece de usura, o máis baixo, rastroero que se pode facer. ¿Por qué...? Vostedes utilizaron nas eleccións municipais estes argumentos dicindo que eu iba a reclasificar todo iso, reclasificar todo aquel solar. Vostede. Vostede. Que aínda estou esperando a súa disculpa.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, ¿sigo coa pregunta?

O Sr. Alcalde di: Creo que está entendido por todos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Todo é máis sencillo. Porque vostede aquí manipulou canto quere. Vostede xa se presentaran os socialistas e vostede celebrou con nosoutros a victoria fai catro anos. Vostede xa nin é socialista. E déixese de manipular e de dicir mentiras.

O Sr. Alcalde di: ¿Esto é manipulación? ¿Esto é unha mentira?

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, os xuízos de valor que fixo.

O Sr. Alcalde di: ¿Esto é unha mentira? Pregunto ¿Esto é unha mentira?

O Sr. Rubido Ramonde di: Voulle facer as preguntas.

O Sr. Alcalde di: Non, non, pregunto eu ¿Esto é unha mentira?

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero non se levou ó pleno.

O Sr. Alcalde di: Sacouno vostede do pleno porque a arquitecta municipal se presentou aquel día de baixa, senón viña aprobado. E vostede me acusaba a min de que quería representalo eu. O que pasa é que o dono do solar do PERI ten todo o dereito... Ogallá canto antes, porque ata me dá pena, me dá pena que cos anos que leva pasado e o sufrimento que poderá ter a súa familia, que non se lle saque para adiante. E vostede, que mete ou que meten cizaña por detrás. Porque sempre van ao persoal. Sempre van vostedes ao persoal. Ós asuntos persoais, sempre. Na rúa. En todo. Discuta de política, non de temas persoais. Estou cansado de temas persoais. E vostedes van ós temas persoais. A facer dano. A facer dano ás familias. Á xente con fillos. Ós pais. O que vostede non quere para vostede é o que quere para os demáis. E eso non se lle pode consentir. Nin que eu o faga, nin vostede, nin ningún, ninguén. E me doe. Me doe moito. Me doeu moito.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Déixame seguir? Porque vostede acaba de emitir unha serie de xuízos de valor e fai tempo que vostede para min non ten credibilidade ningunha. Fai tempo. E non me fale. Non me faga falar. Vou ó seguinte. ¿Déixame vostede?

O Sr. Alcalde di: ¿Pero qué é? ¿outro rogo, outra pregunta, vai falar do mesmo, do PERI?

O Sr. Rubido Ramonde di: E logo, ¿vaimo prohibir?

O Sr. Alcalde di: Estoulle preguntado.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si, si, vou falar do PERI. É evidente que, cuestións administrativas aparte, en cuestión de mercado hai intereses contrapostos entre a modificación da Maravilla e o PERI. O PERI evidentemente ten un interés público para o Concello e para todo o pobo de Cedeira. Entonces hai intereses contrapostos. Está clarísimo. Eu agora fago un rogo: Que o Sr. Moreda se absteña de intervir en ámbolos dous asuntos. No seu día pedireille que nin sequera vote. Está documentalmente acreditado que vostede foi apoderado desa empresa.

O Sr. Alcalde di: Eso é indudable. Eso si mo pregunta é indudable que eu fun apoderado. Non vou a negar iso. Levo oito anos detrás dese proxecto. Pero non se preocupe, que antes de que vostede me diga o de votar, xa o temos falado que eu non vou participar e que non participo en ningunha votación da empresa onde traballaba.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu fágolle o rogo de que non participe en ningún dos dous.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Perdón un segundo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Porque o PERI ten o noso voto favorable. O outro está dudoso.

O Sr. Alcalde di: Entón, ¿cómo é que tramitaban vostedes esto? Porque o PERI tamén estaba.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non lle vou a expoñer as razóns. Pero o PERI está apoiado. Polo interés público que ten. Eu pediríalle que este señor non interveña en ningún dos dous asuntos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Perdón un segundo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Vostede non ten credibilidade ningunha.

O Sr. Alcalde di: Estea calado por favor, que agora está falando María.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O PERI tamén ten o noso apoio, faltaría máis, pero a miña pregunta aquí, e que lla teño que facer porque cae de caixón ¿por qué nos atopamos agora nós con que o PERI aínda está así? ¿Qué fixeron vostedes durante os catro anos que estiveron gobernando?

O Sr. Alcalde di: O PERI arrastra de todas partes. É de impulso privado.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O mesmo podemos dicir agora nós. Arrastra de todas partes.

O Sr. Alcalde di: Pareino eu, María, pareino eu os últimos catro anos.

A Sra. Rodríguez Pérez continúa: E no tema da modificación é verdade que o Alcalde foi o primeiro que dixó que él nese tema non ía intervir en nada. De todas formas é un tema que agora mesmo está parado. Quero dicir, tampouco temos novidades respecto a ese tema.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu teño moi claro que hai intereses contrapostos entre unha iniciativa e outra e pido que non interveña en ningún dos dous. Nada máis.


A Sra. Rodríguez Pérez di: É que me parece absurdo darlle voltas a isto.

O Sr. Alcalde di: Está sin explicar isto. Eu o que non entendo é iso, reprochar agora. É dicir o que valía fai un ano e medio, agora o malo é o Alcalde. Porque o Alcalde sí que traballou nesa empresa pero sí que humanamente eu non vou participar no da empresa de Teodoro Moreda, en calquera cousa que apareza o nome de Teodoro Moreda. Non vou participar. Porque sí. Porque traballei nesa empresa e non quero participar. Non quero. Pero no tema do PERI si. ¿Por qué? Porque eu quero aprobalo. Non se equivoque. Quero aprobalo. E canto antes mellor. E buscar unha solución.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non me merece vostede ningunha confianza. Ningunha. Porque vostede fai catro anos celebrou con nosoutros e brindando. Era do PP. Ser vostede socialista non é nada.

O Sr. Alcalde di: Son do Bloque.

O Sr. Labraña Barrero di: Estás criticando os xuízos de valor de Pablo e ti estás emitindo tamén unha serie de valores, un xuízo bastante máis radical e entendo que non favorecen en nada ós argumentos que poidades ter. El le un escrito e o que é innegable é que se contaminou dende o momento en que el apareceu como candidato do Partido Socialista á alcaldía de Cedeira. Empezaron a xurdir unha serie de... Primeiro como rumoroloxía, pero incluso como notas de prensa, en fin. E eu creo que,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

independentemente do valor individual que cada un poidamos ter el é o Alcalde de Cedeira lexítimamente e democráticamente elixido. E eu creo que merece polo menos ese respecto. Evidentemente a opinión que ti poidas ter, perdoa si te tuteo, pero coñecémonos dende hai 62 anos e non é unha cuestión de gardar formalismos entre os dous.

O Sr. Rubido Ramonde di: Para min respecto meréceno universalmente todas as persoas.

O Sr. Labraña Barrero di: Cada un é dono dos seus acertos. Tamén dos seus erros.

O Sr. Rubido Ramonde continúa: De ahí non me desmonto. Teño motivos para ter pouca fe nel.

O Sr. Alcalde di: Busque un motivo no Concello para desconfiar. Cando o teña dígamo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu vouno tratar de usted porque son algo máis nova. Independentemente de todo iso, nós agora mesmo a vostede tamén lle poderíamos dicir que nos merecen pouca confianza as súas palabras, e que estou vendo ahí o proxecto da planta de gas. A mín e a todo o goberno sorprendéronnos moitísimo as súas declaracións na prensa de que non había ningún proxecto no Concello. ¿Cómo di iso?

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero, vamos a ver.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Acláreo ou rectifique.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Hai solicitude de licenza?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Hai un proxecto que pide informe á Dirección Xeral.

O Sr. Alcalde di: Vostede díxo que non había nada no Concello, rexistrado no Concello.

O Sr. Rubido Ramonde di: Esa non era a esencia do comunicado. Non era eso.

O Sr. Alcalde di: Vostede é o que dice. Ah, bueno, claro, entonces sae na prensa dicindo que sí había presentado un proxecto. Pero claro, é moi fácil irnos á mentira. Respecto á planta de gas eu preguntollo no rogo.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Hai solicitude de licenza?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Hai solicitude de informe. Vostede falaba de proxecto. O proxecto está ahí.


O Sr. Alcalde di: Non, non, el di que non hai nada presentado no Concello.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non vou a descalificar a profesionais.

O Sr. Alcalde di: Eu no rogo pregunto iso ¿de onde lle ven esa información?

O Sr. Rubido Ramonde di: Non sei por qué Esquerda Unida se agarrou a eso cando eso non era importante.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O que limos todas e todos



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: O importante é que efectivamente foi consultado o Concello e a partir de ahí creouse unha situación.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que o importante é primeiro que cambie o informador do Concello porque o informador do Concello non lle deu información boa. Así que teña coidado co informador. No caso de informador, porque por rexistro non o preguntou.

O Sr. Rubido Ramonde di: Vostede fala unha serie de cousas...díxome, díxome.

O Sr. Alcalde di: Pregúntolle. Acaba de dicilo vostede. Preguntou no Concello. A nosoutros non nos preguntou. A actuación foi correcta co tema do gas. A parte que é o primeira crise, coma quen di, que pode pasar a nivel xeral no Concello. O primeiro que se fai, según se recibe, é mandarlle ó técnico do Concello facer un informe, como así fixo. Un informe, o que falábamos antes, onde aparecen todos aqueles permisos sectoriais, aquelas afeccións todas que son necesarias para obter a licenza municipal que vai ao final. En segundo lugar, porque críamos que era moi importante primeiro comunicarllo ós veciños. Os veciños teñen que saber dende o primeiro momento o que está a pasar no Concello porque esa é a nosa labor como grupo de goberno, falar cos veciños e dicírllelo. Comunicáselles eso, que se presenta un proxecto para a situación dunha planta satélite de gas e infórmaselles do informe do arquitecto municipal. Aquí mesmo. E dixen ben, comunicar, vostede dixo asustar e non é asustar. Tamén encontramos que por deixadez da anterior corporación municipal, porque non nos deron outra explicación, non se fixeron as renovacións. Se deixaron ir co conseguinte, que agora pasaron a Portos de Galicia, non puidemos coller as instalacións e o clube de buceo e o clube de remo están pagando por elas. Despois pola terceira parte, creo que era moi importante facer unha declaración institucional. Porque en ningún momento coas reunións que tivemos coas asociacións de veciños politizamos este asunto. E dixemos, vamos facer unha declaración institucional e vamos levala a Comisión Informativa de Plenos. Claro, ese día é o que nos encontramos coas súas manifestacións. As súas manifestacións foron feitas porque vostede ó primeiro tiña que estar ao noso lado e non estivo. Non significa que vostede queira que a planta vaia para alí. Nadie dí iso. Eu non me refiro a iso. Estou seguro que nadie quere que a planta vaia para alí e ademáis firmaron un manifesto. Pero sí que dende aquel primeiro momento me puido haber chamado e dicirme, Pablo, o PP apoia esa reivindicación dos veciños e máis do Concello. E nós estaríamos encantados. Pero eu creo que ese foi o seu erro. E o seu erro disimúla no sentido de dicir non hai nada presentado. É que non entendemos esa postura porque é faltar á verdade dicir que non hai proxecto. É faltar á verdade. E encima non entendemos a postura de que diga que non se pode construír alí cando o propio técnico municipal di que sí. Igual vostede si estivese no noso lugar actuaría de forma diferente. Igual collería este informe e diría, nada, aquí non van facer nada. E poñeríao ahí. E non llo daría ao técnico. Non sei. Igual o faría. O que está claro é que polo menos en dous anos teríamos gas. Eso sí, subministrado a través dunha planta en Esteiro. E sí, ahí sí que ten razón. Entón sí que os terreos colindantes perderían valor. Ahí sí que perderían valor. Entón ese é o que eu creo que foi o seu erro. E o seu erro foi mezclar a política cun asunto onde todos íbamos da mesma man. Eu non sei por qué vostede mezclou iso. Me puido haber chamado a mín. Non me chamou. Para outras cousas falamos. Para esto me puido haber falado. Pero non diga que nosoutros dende o Concello vamos facer unha alarma, que nos inventamos un proxecto. Que lle dicimos ó técnico municipal dí alí como quén que presentaron algo e que nos diga que era mentira. Iso non é xusto. E vostede sábeo.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Acabou?

O Sr. Alcalde di: Si.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Porque o turno de preguntas non é para vostede. Bueno, vamos a ver. Puido vostede tamén anunciarme esto no Concello. Tería que empezar vostede. Pero vamos con outra pregunta. Sete parroquias. ¿Quén redactou sete parroquias?

A Sra. Rodríguez Pérez di: A empresa, o gabinete de prensa que...

O Sr. Alcalde di: Que ten o Concello.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eso esperaba eu. Que son 14.500 euros. Oito números, casi 2.000 euros. Ou sexa 2.000 euros destinados a desprestixiar e a falar da oposición.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Por favor.

O Sr. Alcalde di: Bueno, bueno, bueno, bueno.

O Sr. Rubido Ramonde di: Esperen. Pero estou falando. Si vostedes queren unha revista fagan unha ordenanza e dediquen espazo a outras forzas. Agora, si o que queren simplemente é un boletín, pois dedíquense vostedes escrupulosamente a falar de cousas oficiais e oficiosas, ou si queren vostedes anunciar obras. Pero non emitir xuízos de valor menospreciando á oposición. Eso é moi grave.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Xuízos de valor pode haber...É que aínda o revisamos, pode haber unha frase que vostedes podan interpretar... Porque para máis non da.

O Sr. Alcalde di: A do plan de actuacións de verquidos.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai unha entrevista que somos o Demo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eso non é certo. Entrevista, non sei...

O Sr. Alcalde di: ¿Qué entrevista? A dos maiores.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿A dos maiores? Home non, eu o que leín a verdade foi as noticias. É un boletín informativo. E vostede pasouse tres pueblos e medio coas súas declaracións na prensa. Tres pueblos e medio. Se quere denunciar, denuncie o que queira.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É que de verdade que me parece... É que é absurdo, home.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero vamos a ver, están facendo abuso, abuso, da web contestando á xente cuestións políticas. Vostedes teríanse que apartar dos medios oficiais de información e contestar. Non utilizar nin o facebook, nin a web, nin o papel agora. Debatan ou aquí ou debatan na prensa.

O Sr. Alcalde di: Non, e que él refírese... a ver, o gabinete de prensa e un gabinete de prensa que non é solo para facer os boletíns, senón que é para algo máis que para facer boletíns. É para facer todos os comunicados que ten no día a día o Concello. E sobre todo para que o Concello, nós, temos bastante co tema de xestionar o goberno e non temos medios nos funcionarios que leven iso. Aparte de que a maioría dos concellos o teñen e incluso vostedes na anterior corporación tamén o tiñan. Aparte de cubrir eventos. É dicir, esos cálculos que fixo vostede non son así. Sobre as oito páxinas, sí, o plan de actuacións creo que poñía o goberno anterior do PP obviou, ou creo que algo así... Pero vostede fixo un boletín. Vostede acórdase dos titulares dos boletíns.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Tráíame un deles que descalifique ó anterior goberno.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que había un que poñía despilfarro do tripartito de non sei qué.

O Sr. Rubido Ramonde di: Aparte do coste.

O Sr. Alcalde di: Bueno, agora xa non vale o argumento.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E o seu era en color.

O Sr. Rubido Ramonde di: En color. 240 euros. E agora cobran 14.000.

O Sr. Alcalde di: Eso o gabinete de comunicación. Non é verdade. Bueno, para vostede si, equis.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Vostedes tiñan a alguén que lles levaba o tema de prensa.

O Sr. Alcalde di: E respondendo ó tema do facebook, e ó tema da páxina. Sí que houbo ahí un malentendido cando se mandou a información porque se manda a información a quen leva o gabinete e o gabinete é o que distribúe nos medios. Coa nota de Podemos, si se refire a esa, sí que se colou eso. E a min me chama Xosé Lois e me di oe aparece ahí algo. E eu dixen si, pois tes razón non tiña que aparecer. E díxome si podemos nosoutros meter unha contraréplica a esa nota porque xa que apareceu nos vossos medios. E eu díxenlle si. Está él ahí. E foi por iso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Foi un erro.

O Sr. Alcalde continúa: Despois quixémola sacar e sacamos tanto unha coma outra.

Intervén o Sr. Lago Leonardo, que di: Quero que se me deixe explicar un minuto. Un minuto pedía para comentar iso. Un minuto.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non formas parte da corporación.

O Sr. Lago Leonardo di: Aparte hai outro tema. Estás mentindo. Eu non che chamei. Chamáchesme ti a min despois de que o metera por rexistro. Primeiro metino por rexistro.

O Sr. Alcalde di: Ah bueno, sí, eso é verdade. Sí, sí. Tes razón. Si, si. Perdoa. Metíchela por rexistro e te chamei. Si, si.

O Sr. Lago Leonardo di: Foi ó revés.

O Sr. Alcalde di: Si, si, si. Eso é verdade. Perdoa que foi así como ti dis. Non recordaba. Entón é iso. Foi por iso. Pero está claro que a páxina web non ten que ser un instrumento de facer ningunha crítica. Aceptamos todas as suxerencias que poida haber polo tema do boletín e cremos que nalgún caso puido haber sido...na frase esa, pero polo resto en oito páxinas non creo que sexa... Agora, que me digan que o tema do despilfarro do tripartito ou algo así que creo que comentábamos que iba, que non é nada. Pois bueno.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e catro minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

